



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 161
11 de agosto de 2017

Fascículo 2



SUMARIO

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de agosto de 2017, polo que se inicia o procedemento e se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa, mediante procedemento aberto, do arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais

— Prego de cláusulas administrativas particulares [42963](#)

— Prego de prescricións técnicas [42990](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de agosto de 2017, polo que se inicia o procedemento e se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios

— Prego de cláusulas administrativas particulares [43003](#)

— Prego de prescricións técnicas [43031](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de agosto de 2017, polo que se inicia o procedemento e se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa, mediante procedemento aberto, do arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais

Por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 1 de agosto de 2017 iniciouse a tramitación da contratación administrativa, mediante procedemento aberto, do arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais do Parlamento de Galicia .

Nesa mesma data a Mesa da Cámara aprobou os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen o procedemento, e que se insiren a continuación.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017.

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación administrativa para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais do Parlamento de Galicia, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada

Primeira. Obxecto do contrato e réxime xurídico

1. O obxecto e as necesidades que se pretenden satisfacer con este contrato descríbense no punto 1 do cadro de especificacións, no que tamén constará a codificación correspondente á nomenclatura Vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e á Clasificación de produtos por actividades (CPA-2008) segundo o Regulamento (CE) núm. 451/2008, do 23 de abril.

2. Este contrato ten carácter administrativo e rexerase polo establecido neste prego; no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante TRLCSP); no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e, en canto non estea derogado, no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP).

No que non estea previsto neste prego de cláusulas administrativas, as dúas partes sométense expresamente ao disposto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público e mais nas súas disposicións complementarias.

O prego de prescricións técnicas no que se describen as características da subministración que haberá que realizar revestirá carácter contractual, polo que deberá ser asinado asemade en proba da súa conformidade polo adxudicatario na formalización do contrato.

No caso de discordancia entre este prego e calquera restante documento contractual prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Unicamente se admitirá a presentación de variantes cando así se estableza no punto 4 do cadro de especificacións.

No suposto de que se admitan, os licitadores poderán introducir na súa proposición variantes ou alternativas que incorporen solucións alternativas ás definidas nas prescricións técnicas, nos termos establecidos no punto 4 do cadro de especificacións.

Segunda. Orzamento de licitación e existencia de crédito

1. O orzamento de licitación máximo é o establecido no punto 5 do cadro de especificacións.

Para todos os efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o imposto sobre o valor engadido -IVE- (que figurará como partida independente) e demais tributos que lle sexan aplicables segundo as disposicións vixentes.

2. O número de unidades que se pretende comprar está relacionado no prego de prescricións técnicas. A Administración parlamentaria poderá reducir ou ampliar o número de unidades que se van comprar sen que o contratista adquiera dereito a ningunha indemnización.

3. A partida orzamentaria en que se garante que existe crédito axeitado e suficiente e con cargo á cal será financiado o contrato será a establecida no punto 6 do cadro de especificacións.

4. A forma de pagamento será a establecida no punto 7 do cadro de especificacións.

Terceira. Duración do contrato e revisión de prezos

1. A duración do contrato será a establecida no punto 8 do cadro de especificacións.

O punto 9 do cadro de especificacións poderá recoller a posibilidade e, en tal caso, as condicións da prórroga deste contrato.

2. O prezo de adxudicación poderá ser obxecto de revisión sempre que así se determine no punto 10 do cadro de especificacións, consonte o establecido nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

Cuarta. Forma e procedemento de adxudicación do contrato

Este contrato adxudicarase por procedemento aberto, consonte o disposto nos artigos 138, 150 e 157 ao 161 do TRLCSP.

Quinta. Capacidade para contratar

Poderanse presentar a esta contratación e formular as conseguintes proposicións, con suxeición ás cláusulas deste prego e ao de prescricións técnicas, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean comprendidas nalgunha das circunstancias enumeradas no artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica e financeira así como técnica ou profesional.

Poderanse presentar unións temporais de empresarios, nos termos do artigo 59 do TRLCSP.

As empresas estranxeiras non comunitarias ateranse ao disposto no artigo 55 do TRLCSP.

2. As empresas que poden participar na contratación serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais abondos para unha debida execución das prestacións exixidas.

Sexta. Documentación e contido

Quen licite non poderá presentar máis dunha proposición, agás o disposto no artigo 147 do TRLCSP, nin poderá subscribir ningunha proposta e unión temporal de empresas con outros de o ter feito individualmente, nin tampouco figurar en máis dunha unión temporal de empresas.

No caso de que o obxecto do contrato estea dividido en lotes, os licitadores poderán presentar proposicións para todos os lotes ou só para algún deles, pero non poderán presentar máis dunha proposición para cada lote.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas presentadas.

O licitador formulará a súa proposición en sobres pechados e asinados, nos que indicará, en cada un deles, o nome ou a razón social da entidade, o título do obxecto da contratación e, se é o caso, o lote ou os lotes aos que presenta oferta, así como o número do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma. A sinatura dos sobres permite aseverar a presentación polos contratistas, motivo polo que o dito procedemento deberá ser realizado materialmente sobre os sobres, a non ser que a presentación se faga por vía electrónica.

Para os efectos do disposto no artigo 140 do TRLCSP, quen licite deberá manifestar de forma explícita qué información incluída na súa oferta ten carácter confidencial.

Os licitadores poderán solicitar, por medios electrónicos, as aclaracións que estimen pertinentes sobre o contido dos pregos e a documentación complementaria ata o mesmo día de remate do prazo para presentar ofertas. A Administración responderá, dentro do prazo para a presentación delas, no tempo máis breve posible.

A) Sobre A: «Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira, así como solvencia técnica e profesional dos licitadores».

Dentro deste sobre incluírase, pola orde que se detalla, a seguinte documentación:

1. Un índice dos documentos incluídos no sobre.

2. O documento ou os documentos que acrediten a capacidade de obrar do empresario, mediante a presentación, de a empresa ser persoa xurídica, da escritura ou do documento de constitución ou modificación, inscrita no rexistro mercantil, cando este requisito for exixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non o ser, acreditarase mediante a escritura ou o documento da constitución, a modificación, os estatutos ou o acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo a persoa xurídica de que se trate.

De se tratar de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea, acreditarase a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente segundo a lexislación do Estado onde estea establecido ou a presentación dunha declaración xurada ou certificado nos termos que se indican no anexo I do RXLCAP.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular do ámbito territorial onde radique o domicilio da empresa. No caso de contrato suxeito a regulación harmonizada prescindirase do informe de reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial de Comercio, consonte o disposto no artigo 55 do TRLCSP.

No caso de persoas naturais, a personalidade acreditarase mediante a presentación do documento nacional de identidade (DNI) ou do documento que, se é o caso, o substitúa legalmente.

3. Cando quen asine a proposición non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, deberá achegar o poder de representación, inscrito no Rexistro Mercantil, se é o caso, e con verificación de suficiencia por un letrado dos Servizos Xurídicos da Cámara. Deberase incluír copia do DNI e da tarxeta do número de identificación fiscal (NIF) de quen asine a proposición.

4. A declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración do artigo 60 do TRLCSP, que incluírá a manifestación do artigo 146.1.c) do TRLCSP.

5. A solvencia económica e financeira do empresario exixida para este contrato será a establecida no punto 11 do cadro de especificacións.

6. A solvencia técnica e profesional do empresario exixida para este contrato será a establecida no punto 12 do cadro de especificacións.

7. Porén, poderase establecer no punto 13 do cadro de especificacións que a acreditación da solvencia exixida non exime a quen licite de achegar o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais abondos para a súa execución, nos termos que se establezan, o cal deberá achegarse en todo caso.

De acordo co previsto no artigo 64.2 do TRLCSP, á marxe de acreditar a solvencia requirida, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais abondos para levala a cabo adecuadamente; medios que, a xuízo do órgano de contratación, deberán cumprir os requisitos establecidos no cadro de especificacións.

Neste caso, a categoría profesional e o nivel de coñecementos técnicos exixidos no prego de prescricións técnicas terán o carácter de obrigas contractuais esenciais. A falsidade nas acreditacións profesionais e no nivel de coñecementos técnicos do persoal ofertado, deducida do contraste entre a oferta técnica e os coñecementos reais demostrados na execución dos traballos, implicará asumir responsabilidades fronte á Administración parlamentaria e será causa da resolución do contrato, consonte o establecido no artigo 223.f) do TRLCSP.

8. Se é o caso, o xustificante de ter constituída a garantía provisional polo importe de ata o 3 % do orzamento máximo de licitación sinalado no punto 5 do cadro de especificacións, e en calquera das formas previstas no artigo 103 do TRLCSP e nos artigos 56, 57 e 58 do RXLCAP.

9. No caso de que quen licite sexa unha unión de empresas, haberá que averse ao disposto no artigo 59 do TRLCSP.

Así mesmo, deberase presentar un documento suscrito por cada representante das empresas asociadas no que se comprometan, de resultaren adxudicatarias, a constituírse en unión de empresarios, se aínda non se constituíron.

10. As empresas estranxeiras achegarán declaración expresa de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia expresa, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que poida corresponderlle ao licitador.

11. A inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma eximirá os licitadores de presentaren a documentación das alíneas 2, 3 e 4, sen prexuízo da obriga do contratista de achegar declaración responsable na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Para os efectos da acreditación da inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, quen licite fará constar no exterior do sobre o número do rexistro que lle corresponda. A Administración do Parlamento incorporará de oficio o dito certificado ao expediente, logo de llo solicitar telematicamente ao Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia.

O licitador que presente a oferta económica máis vantaxosa deberá reiterar, antes da adxudicación do contrato, a manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

12. De ser o caso, e sempre que o punto 14 do cadro de especificacións o permita, a indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

13. De ser o caso, o enderezo de correo electrónico no que se poden facer as notificacións derivadas do procedemento, segundo o modelo que se insire como anexo I.

14. Para os efectos do establecido na cláusula décima, para o suposto de que dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, a acreditación da porcentaxe, en relación co total da empresa, de traballadores fixos con discapacidade superior ao 2 %.

15. Deberanse presentar orixinais de todos os documentos anteriores ou as súas copias debidamente autenticadas.

16. Quen licite poderá substituír a presentación dos documentos das alíneas 2, 3, 4, 5, 6 e 10 pola declaración responsable, segundo o modelo que se inclúe como anexo II, na que se indicará que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar.

Tamén se poderá substituír a presentación da documentación das alíneas 2, 3, 4, 5, 6 e 10 pola presentación do Documento europeo único de contratación (DEUC). Para estes efectos o Parlamento de Galicia facilitaralles aos licitadores, a través do Perfil de contratante do Parlamento de Galicia (http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/contenidogal/informacioninstitucional/Perfil_Contratacion.aspx), un documento "xml" que se deberá importar e encher a través da seguinte ligazón: <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter>.

No Perfil de contratante do Parlamento de Galicia poderase obter información adicional sobre o Documento europeo único de contratación

En todo caso, de presentar declaración responsable do anexo II ou o Documento europeo único de contratación, o licitador en cuxo favor se faga a correspondente proposta de adxudicación deberá acreditar, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e

validez dos documentos exixidos. En todo caso, o Parlamento de Galicia poderá requirir, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen a dita documentación acreditativa.

17. Quen licite deberá incluír toda a documentación requirida neste sobre en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuedé, lapis de memoria...).

B) Sobre B: «Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor».

Quen licite deberá incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas, os detalles ou as precisións que considere convenientes para a mellor realización da prestación obxecto da contratación, así como a documentación que permita a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 15 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

En todo caso, deberá conter a documentación exixida no punto 16 do cadro de especificacións.

Neste sobre B non se poderá incluír información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían baseándose nos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas, a cal debe incluírse no sobre C.

O incumprimento desta condición por parte dunha proposición podería dar lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación no caso de que inflúa significativamente na valoración das ofertas unha vez ponderado, agás no caso de se presentar un único licitador.

C) Sobre C: «Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas».

1. Quen licite deberá incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 15 do cadro de especificacións.

En todo caso, deberá conter a documentación exixida no punto 17 do cadro de especificacións.

2. O importe da proposición non poderá superar o orzamento de licitación establecido no cadro de especificacións.

Sétima. Anuncio da licitación e presentación de proposicións

1. As proposicións presentaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo, s/n, 15701 Santiago de Compostela, dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación que se publicará no *Diario Oficial da Unión Europea* e no *Boletín Oficial do Estado*.

2. Conforme o establecido nas Normas para a utilización dunha plataforma electrónica na contratación pública do Parlamento de Galicia (BOPG nº 170, do 2 de outubro de 2013, modificadas polo Acordo da Mesa do 2 de decembro de 2013, BOPG nº 209, do 5 de decembro de 2013), poderán presentar alternativamente as súas proposicións a través da

Plataforma electrónica de contratación ata o día en que finaliza o prazo para a presentación de ofertas.

No Perfil de contratante do Parlamento de Galicia existe un enlace directo coa plataforma (<https://licitacion.parlamentodegalicia.gal/>).

Os licitadores deberán asinar a oferta e todos os documentos asociados a ela con sinatura electrónica recoñecida, validamente emitida por un prestador de servizos de certificación, que garanta a identidade e a integridade do documento, de conformidade coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

A documentación deberase achegar en formato PDF ou similar non editable. O incumprimento desta exigencia determinará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

Se a documentación que se achegue for xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da Mesa de Contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou no portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto, a documentación proporcionada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co sinalado na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Unha vez presentada unha oferta a través da plataforma electrónica xerarase un recibo electrónico que garantirá a data, a hora e o contido da proposición. Todas as proposicións recibidas electronicamente a través da plataforma electrónica serán custodiadas e encriptadas sen posibilidade de acceder ao seu contido ata que se constitúa a Mesa de Contratación e se proceda á apertura delas conforme a normativa correspondente.

Non se poderá presentar máis ca unha proposición, ou ben en formato papel, ou ben en formato electrónico. A presentación de dúas proposicións implicará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

3. As proposicións tamén poderán ser enviadas por correo dentro do prazo de admisión sinalado nos anuncios de licitación. Neste caso, os licitadores deberán xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (é requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do servizo postal universal) e anunciarlle ao Parlamento a remisión da oferta mediante fax ou telegrama nese mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición de ser recibida polo Parlamento con posterioridade á data do remate do prazo de recepción de proposicións sinalado no anuncio. Con todo, despois do transcurso de dez días naturais seguintes á indicada data sen que se recibise a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

4. A presentación da oferta presupón que o interesado acepta de modo incondicional as cláusulas deste prego.

Oitava. *Garantías*

1. En atención ás circunstancias concorrentes no contrato poderase exixir para participar na contratación, segundo o establecido no punto 18 do cadro de especificacións, a constitución dunha garantía provisional, nas formas e nos termos establecidos no artigo 103 do TRLCSP.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e seralles devolta aos licitadores logo da adxudicación do contrato, non sendo a do licitador cuxa proposición for seleccionada

para a adxudicación como economicamente máis vantaxosa, a cal será retida ata que proceda á constitución da garantía definitiva.

A garantía provisional poderalles ser incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

2. O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír a garantía definitiva, polo importe establecido no punto 19 do cadro de especificacións, no prazo de dez días hábiles, que se contará desde o seguinte ao da recepción do requirimento da documentación da alínea 7 da cláusula décimo primeira. No caso de tramitación urxente, este prazo reducirase a cinco días.

A garantía definitiva devolverase ou cancelarse consonte o disposto no artigo 102 do TRLCSP, en todo caso, logo de transcorrido o prazo de garantía da subministración.

3. Poderase exixir no punto 20 do cadro de especificacións a constitución de garantía complementaria.

4. As garantías poderanse prestar por algún dos medios regulados no artigo 96 do TRLCSP, e depositaranse ou, se é o caso, acreditarase a súa constitución na Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento.

5. A garantía definitiva e, se é o caso, a garantía complementaria estarán afectas ás responsabilidades enumeradas no artigo 100 do TRLCSP.

6. No caso de se constituír garantía mediante aval, deberase facer segundo o modelo que se achega no anexo III.

7. No caso de que os licitadores fagan uso da facultade que lles concede o artigo 96.3 do TRLCSP, e acrediten a constitución da garantía mediante medios electrónicos, deberán remitirllle ao Parlamento o documento orixinal da devandita garantía antes da adxudicación do contrato.

Novena. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación estará composta, de acordo co establecido no artigo 29 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración parlamentaria (BOPG nº 633, do 24 de outubro de 2008), polos membros sinalados no punto 21 do cadro de especificacións. No caso de se producir substitución por ausencia dalgún membro integrante da Mesa de Contratación, comunicarase oportunamente no Perfil do contratante.

Décima. Criterios para a valoración das proposicións

1. Teranse en conta para a valoración das proposicións presentadas en relación coa súa selección os criterios establecidos no punto 15 do cadro de especificacións.

2. Criterios de desempate. No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2 %, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP.

Décimo primeira. Fases da adxudicación

1. Despois de rematar o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación procederá á apertura e ao exame da documentación incluída nos sobres A. De resultar precisa reparación de erros ou omisións na documentación presentada neste sobre A, a Mesa de Contratación concederá prazo para efectuala antes do acto público da alínea seguinte.

2. Posteriormente, en acto público, que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 22 do cadro de especificacións, abriranse os sobres B das empresas que presentasen a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

3. Tamén en acto público, que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 22 do cadro de especificacións, abriranse os sobres C das empresas que presentasen a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

4. A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos.

5. Unha vez que a Mesa de Contratación realizou a avaliación de todas as proposicións presentadas, efectuará a asignación de puntos segundo os criterios de adjudicación.

6. No caso de que algunha proposición económica incorra en baixa anormal ou desproporcionada consonte o establecido na cláusula décimo segunda, daráselle audiencia ao interesado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións dela. Poderanse solicitar, se é o caso, os informes técnicos que se consideren necesarios. No caso de que o licitador que presentase a proposición economicamente máis vantaxosa estea incurrido en baixa anormal ou desproporcionada poderáselle exixir unha garantía complementaria conforme o establecido no punto 19 do cadro de especificacións.

No caso de considerar que unha oferta non pode ser cumprida como consecuencia dos valores anormais ou desproporcionados, a dita proposición será excluída da clasificación.

7. Ao realizar a avaliación e asignar a puntuación e, se é o caso, aceptar ou descartar as posibles baixas anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación clasificará as ofertas en orde decrecente e requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, cinco días no caso de tramitación urxente, contados desde o seguinte á recepción do requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Certificación de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma galega.

c) Alta, se é o caso, no imposto de actividades económicas, referido ao exercicio corrente, ou o último recibo, completado coa declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do citado imposto.

d) No caso de que a adjudicataria for unha unión de empresas, acreditación desta mediante presentación da escritura de constitución, e NIF asignado á unión.

e) Documento acreditativo de ter constituída a garantía definitiva e, se é o caso, a garantía complementaria, que se depositarán ou, se é o caso, se acreditará a súa constitución na Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento.

f) Xustificación de ter aboados os gastos dos anuncios de licitación.

A presentación dos documentos sinalados nas alíneas a), b) e c) poderase substituír, no caso de licitador con inscrición vixente no Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia que fixese constar tal circunstancia no sobre A coa documentación relativa á capacidade para contratar e á solvencia económica, financeira, técnica e profesional, pola manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

No caso de que o adxudicatario substitúa no sobre A a documentación administrativa da cláusula sexta pola declaración responsable do anexo II, deberá acreditar neste momento a posesión e a validez dos documentos exixidos.

8. No caso de que o licitador non cumpra adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e neste caso procederase a solicitarlle a mesma documentación ao seguinte que licitou pola orde en que quedasen clasificadas as respectivas ofertas.

9. Logo de recibir e comprobar a documentación requirida ao licitador e mais que reúne as condicións exixidas para o efecto, a Mesa de Contratación elevaralle á Mesa do Parlamento proposta de adxudicación do contrato ao seu favor.

10. Recibida a proposta da Mesa de Contratación, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará a adxudicación do contrato. Ben que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto fronte ao Parlamento, cando a Mesa do Parlamento non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada motivará a súa decisión.

A adxudicación seralles notificada aos licitadores e simultaneamente publicada no Perfil de contratante do Parlamento de Galicia, nos termos do artigo 151.4 do TRLCSP.

11. Poderase declarar deserto o procedemento no caso de non existir oferta ou proposición que sexa admisible conforme os criterios que figuren no cadro de especificacións.

Décimo segunda. *Baixas anormais ou desproporcionadas*

Consideraranse, en principio, anormais ou desproporcionadas as ofertas económicas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de vinte e cinco unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de vinte unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de dez unidades porcentuais á antedita media.

En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a vinte e cinco unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de dez unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Décimo terceira. *Formalización do contrato*

O correspondente contrato administrativo entenderase perfeccionado coa súa formalización no correspondente documento administrativo, no que non se poderán incluír en ningún caso cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato non poderá realizarse antes dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se remita a notificación da adxudicación a licitador e candidatos.

Engadiranse a este contrato, e pasarán a formar parte del, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares do procedemento de contratación, así como a oferta do licitador que resultase adxudicatario.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se poida formalizar o contrato no prazo sinalado, a Mesa do Parlamento poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso, se exixise e mais a indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración parlamentaria, e poderase adxudicar a quen licitou deseguido por orde das súas ofertas.

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP. Non obstante, no cadro de especificacións poderase determinar a prohibición da subcontratación.

Décimo cuarta. *Gastos e impostos*

Tanto na oferta que formule o licitador coma nos orzamentos de adxudicación entenderanse comprendidos para todos os efectos os gastos e os impostos de toda índole que graven os diversos conceptos, sen que, polo tanto, poida ser repercutido ningún deles como partida independente.

Serán tamén a cargo do adxudicatario o pagamento do importe dos gastos de publicación de anuncios e cantos outros se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, igual que o pagamento de toda clase de tributos estatais e locais.

No cadro de especificacións poderanse enumerar, se é o caso, outros gastos que serán por conta do adxudicatario.

Décimo quinta. *Entrega e recepción das subministracións*

1. As subministracións serán entregadas na Administración parlamentaria no lugar ou na dependencia que se lle indique ao adxudicatario.
2. Quen sexa adxudicatario realizará a entrega e instalación da subministración dentro do prazo establecido no punto 23 do cadro de especificacións, así como nas cantidades que lle demande a Administración segundo as súas necesidades. O seu incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de sancións.
3. Cada unha das entregas que realice o adxudicatario será obxecto por parte da Administración parlamentaria de inspección para comprobar que o material recibido se axusta ás condicións exixidas e ás finalidades previstas nos pregos de prescricións técnicas. Se os bens non estiveren en estado de ser recibidos, farase constancia expresa desta circunstancia e serán devoltos con indicacións precisas ao contratista para que realice unha nova subministración.
4. Da entrega da totalidade do equipamento formalizarase unha acta de recepción.

Décimo sexta. *Pagamentos ao contratista*

O contratista terá dereito ao aboamento, conforme os prezos contratados, da prestación realmente executada. O importe da prestación realizada acreditarase por medio da presentación da factura correspondente, así como da documentación que, de se estimar precisa, xustifique a realización total ou parcial do contrato.

Procederá a emisión da factura unha vez cumprida a prestación obxecto do contrato ou a partir do día seguinte do asinamento da acta de recepción positiva por parte da Administración e o contratista.

A factura deberase presentar en formato electrónico no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF). O código DIR3 que identifica o Parlamento de Galicia no SEF é o seguinte:

					CÓDIGO DIR3		
CIF	RECEPTOR	ENTIDADE	ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	UNIDADE DE CONTRATACIÓN	OFICINA CONTABLE	ÓRGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
S1533001B	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	I00000344	I00000344 4	I00000344

Correspóndelle ao responsable do contrato a conformidade ou o rexeitamento das facturas presentadas. No caso de conformidade coa prestación, quen sexa responsable do contrato conformará a factura correspondente. No caso contrario, emitirá un informe da súa discrepancia, do que se lle dará traslado ao contratista. Este terá dereito ao período de audiencia por un prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación. Simultaneamente, procederase ao rexeitamento da factura a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF) con indicación dos motivos. A factura quedará rexistrada como anulada no rexistro contable de facturas. O pagamento do prezo relativo ao período controvertido non se tramitará mentres non se emenden as deficiencias e tras a presentación da nova factura.

O Parlamento procederá con carácter xeral ao aboamento da factura dentro dos trinta días seguintes á data de recepción da factura correspondente. No entanto, cando legalmente ou no contrato se dispoña un procedemento de aceptación ou comprobación mediante o cal se debe verificar a conformidade dos bens ou servizos co disposto no contrato, a súa duración non poderá exceder trinta días naturais, contados desde a data de recepción dos bens ou da prestación do servizo. Neste caso, o prazo de pagamento será de trinta días despois da data en que ten lugar a aceptación ou verificación dos bens ou servizos, incluso aínda cando a factura se recibise con anterioridade á aceptación ou verificación.

No caso de que o Parlamento incorra en mora no seu pagamento nos termos indicados anteriormente, deberá aboarlle ao contratista os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos da Lei 3/2004, do 29 de decembro. Para que se inicie o cómputo do prazo para a devindicación dos xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF) no prazo de quince días naturais desde o último día do mes natural do período facturado ou desde a data de recepción efectiva das mercadorías ou da prestación dos servizos.

Décimo sétima. *Garantía das subministracións*

1. O prazo de garantía da subministración obxecto do contrato será o establecido no punto 24 do cadro de especificacións. Durante o período de garantía, quen sexa contratista está obrigado á reposición da que resulte inadecuada ou á súa reparación, se é suficiente a xuízo do Parlamento, con independencia das consecuencias que poidan derivar das responsabilidades en que puiden incurrir, de acordo co establecido neste prego e no artigo 298 do TRLCSP.

2. O adxudicatario deberá responder dos produtos ofertados, dos posibles defectos atribuíbles á súa fabricación, elaboración, procesado, embalaxe ou transporte durante o dito prazo de garantía, contado desde a data de cada unha das entregas.

3. O Parlamento reserva para si o dereito de inspeccionar e ser informado do proceso de fabricación, elaboración ou procesado dos bens obxecto deste contrato, e pode ordenar ou realizar por si mesmo probas, ensaios ou calquera outro sistema de control de calidade.

Décimo oitava. *Execución do contrato*

1. O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dese ao contratista o órgano de contratación. Actuará como responsable do contrato a persoa designada no punto 25 do cadro de especificacións.

2. A execución do contrato realizarase por risco e ventura do contratista, e este será responsable da calidade técnica da subministración. Consonte o establecido no artigo 156 do TRLCSP, non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa anterior formalización, agás nos casos previstos nos artigos 112 e 113 do TRLCSP.

3. Corresponderanlle á Administración parlamentaria os poderes de verificación e control da execución do contrato establecidos no TRLCSP. O órgano de contratación determinará se a subministración realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento. Para tal fin dispón das prerrogativas establecidas nos artigos 297 ao 300 do TRLCSP.

4. No caso de se producir unha suspensión do contrato, haberá que atermos ao estipulado no artigo 220 do TRLCSP e nas normas de desenvolvemento. Se a Administración parlamentaria acorda unha suspensión, levantarase a correspondente acta de suspensión.

5. A recepción da prestación obxecto do contrato realizarase conforme o disposto no artigo 222 do TRLCSP.

6. No punto 26 do cadro de especificacións poderase establecer a obriga do contratista de concertar ou acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubra todas as posibles responsabilidades perante a Administración do Parlamento derivadas da execución do contrato e os posibles danos nos bens públicos que se ocupen ou utilicen.

7. Co motivo dun compromiso ambiental, o Parlamento de Galicia exixiralle ao contratista o cumprimento, na execución deste contrato, de boas prácticas ambientais no desenvolvemento da súa prestación do contrato e o debido cumprimento da lexislación vixente.

Décimo novena. *Confidencialidade e protección de datos*

O contratista deberá respectar o carácter confidencial de toda a información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, especialmente a de carácter persoal. A dita información non poderá ser utilizada, cedida ou copiada para outro fin distinto do que resulte da propia execución do contrato, nin sequera para os efectos de conservación, polo que queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (en diante LOPD); no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, e no resto da lexislación aplicable.

Se como consecuencia da execución deste contrato o contratista debe acceder a datos de carácter persoal incluídos en ficheiros titularidade do Parlamento de Galicia, e para os efectos de cumprir coa obriga estipulada no artigo 12.2 da LOPD, mediante esta cláusula regúlase o réxime e a natureza do tratamento dos datos de carácter persoal pertencentes ao Parlamento de Galicia (responsable do ficheiro ou tratamento) que realizará o contratista (como encargado do tratamento) como resultado da prestación do contrato.

Quen sexa contratista está obrigado a gardar segredo e confidencialidade sobre os datos de carácter persoal aos que teña acceso con motivo da realización das súas tarefas ou funcións; obriga que se compromete a seguir respectando unha vez finalizado o contrato e que lle impide realizar calquera actuación pola que directa ou indirectamente divulgue ou poña en coñecemento de terceiras persoas non autorizadas calquera dato persoal ao que teña acceso.

O devandito tratamento realizarase de conformidade co establecido na LOPD e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD.

Calquera tratamento dos datos de carácter persoal á marxe dos que expresamente deriven do cumprimento deste contrato está, agás acordo en contrario por escrito das partes, expresamente excluído do seu obxecto.

O contratista recoñece as obrigas que o afectan respecto do tratamento de datos de carácter persoal por conta de terceiros, para cuxo cumprimento asume, de conformidade co establecido no artigo 12 da LOPD, os seguintes compromisos:

a) Accederá aos datos de carácter persoal cuxo responsable é o Parlamento de Galicia unicamente se tal acceso é necesario para a execución deste contrato, e non utilizará ou aplicará os citados datos para fin distinto do da dita execución.

b) Tratará os datos segundo as instrucións do Parlamento de Galicia.

c) Informará o persoal que teña acceso aos datos de carácter persoal das obrigas relativas ao seu tratamento establecidas neste documento.

d) Adoptará as medidas técnicas e organizativas pertinentes, de conformidade co estipulado nos artigos 81 e 82 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, para garantir a seguridade e integridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso, evitando a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. Para tales efectos, implantaranse nos ficheiros de datos de carácter persoal as medidas de seguridade do nivel que correspondan en atención á natureza dos datos obxecto de tratamento.

e) Non lles comunicará en ningún caso a terceiras persoas os datos de carácter persoal aos que teña acceso.

Ao finalizar a relación entrambas as partes derivada deste contrato, os datos de carácter persoal utilizados polo contratista deberán ser destruídos ou devoltos ao Parlamento de Galicia; o mesmo destino deberá darse a calquera soporte ou documentos en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Sen prexuízo do exposto con anterioridade, o contratista estará facultado para conservar os datos de carácter persoal, debidamente bloqueados, en tanto poidan derivar responsabilidades da súa relación co Parlamento de Galicia ou cando exista unha obriga legal de conservación dos devanditos datos exigible a quen sexa contratista.

En todo caso, no non previsto nesta cláusula, será aplicable a normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Vixésima. Modificación do contrato

1. Se durante a vixencia do contrato a Administración parlamentaria detecta a conveniencia ou a necesidade da súa modificación, observarase o disposto nos artigos 210, 211 e 219 e mais no título V do libro I do TRLCSP.

2. A Administración poderalle impoñer ao adxudicatario a aceptación obrigatoria de modificacións nas subministracións contratadas, de acordo co seguinte:

a) Cando a modificación consista na redución, suspensión ou substitución duns obxectos por outros, sempre que estes estean incluídos no prego de prescricións técnicas, quen sexa adxudicatario non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

b) Cando a modificación consista no aumento da subministración do número máximo de obxectos incluídos no prego de prescricións técnicas, a Administración pagaralle ao adxudicatario os anteditos obxectos aos prezos unitarios fixados no contrato.

3. De se producir un incremento das prestacións reais respecto das estimadas inicialmente, débese tramitar un expediente de modificación do contrato, nos termos previstos no artigo 106 do TRLCSP, antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, e iso en cumprimento do disposto na disposición adicional trixésimo cuarta do TRLCSP.

Vixésimo primeira. Resolución do contrato

Son causas de resolución do contrato, nos termos establecidos no 112 do RXLCAP, ademais das establecidas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP, as seguintes:

a) O incumprimento das obrigas ou das prohibicións enumeradas neste prego.

b) A grave deficiencia na prestación da subministración obxecto do contrato por parte do adxudicatario, debidamente documentada polo Parlamento.

Vixésimo segunda. Penalidades

No caso de incumprimento do disposto neste prego e no de prescricións técnicas en canto á subministración ou á súa defectuosa prestación, a Mesa do Parlamento poderá optar indistintamente por:

a) Declarar resolto o contrato, con perda da garantía.

b) A imposición das penalidades por parte do órgano de contratación serán as previstas con carácter xeral nos artigos 212, 213 e 214 do TRLCSP, e en concreto as que se determinen no punto 27 do cadro de especificacións.

As cantidades por imposición de penalidades, logo do oportuno trámite de audiencia ao contratista, serán deducidas na seguinte facturación que proceda ou, de non ser posible, serán efectivas sobre a garantía que se constituíse, e o contratista deberá repoñer ou ampliar esta na contía que corresponda no prazo de dez días hábiles.

A penalidade económica imposta non exclúe a indemnización de danos e perdas á que poida ter dereito a Administración.

En todo caso, a constitución de mora do empresario non precisará intimación previa por parte da Administración.

Vixésimo terceira. Réxime das notificacións

As notificacións que deban realizarse derivadas da tramitación deste procedemento poderanse efectuar por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción

polo destinatario. En particular, poderase efectuar mediante correo electrónico ao enderezo que os licitadores designasen ao presentar as proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

No caso de que o licitador ou o seu representante rexeite a notificación, farase constar no expediente, e especificaranse as circunstancias dos intentos de notificación, polo que se terá por efectuado o dito trámite.

Vixésimo cuarta. *Interpretación, recursos e xurisdición*

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación, de acordo co establecido no artigo 40 do TRLCSP, os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que rexan a contratación, os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, e o acordo de adxudicación.

Considéranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorda a exclusión dos licitadores.

A tramitación deste recurso axustarase ao disposto nos artigos 40 a 49 do TRLCSP.

De acordo co establecido no artigo 45 do TRLCSP, no caso de que o acto recorrido sexa o de adxudicación, quedará en suspenso a tramitación do expediente de contratación.

Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra o resto de actos administrativos que non reúnan os requisitos do apartado 1 do artigo 40 do TRLCSP poderá interpoñerse recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento de Galicia.

A Mesa do Parlamento ten a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razón de interese público os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSP e no RXLCAP.

Os acordos que dite a Mesa do Parlamento, logo do informe da Oficialía Maior e da Intervención e Asuntos Económicos, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos dos contratos administrativos serán resoltas pola Mesa do Parlamento. Contra os seus acordos, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na lei reguladora da devandita xurisdición.

Cadro de especificacións do contrato				
1	Obxecto do contrato	Arrendamento con opción de compra (permite ao Parlamento adquirir as máquinas en propiedade co pago da última cota), asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais		
	Necesidade que cómpre satisfacer	A provisión dun servizo integral de impresión, copia e escaneado nos diferentes departamentos do Parlamento de Galicia.		
	Código nomenclatura CPV	30120000-6 Fotocopiadoras, máquinas offset e impresoras 50314000-9 Servizos de reparación e mantemento de máquinas telecopiadoras 79800000-8 Servizos relacionados coa impresión		
	Código clasificación estatística CPA-2002	30.01.2 Fotocopiadoras, impresoras de offset e outros tipos de maquinaria de oficina, e as súas partes 74.85.12 Servizos de fotocopia e reprografía		
2	Número de expediente	STI-PA-8/2017		
3	Tramitación	Ordinaria		
4	Admisión de variantes	Non se admiten.		
5	Orzamento máximo de licitación		Arrendamento equipos (incluída cota 48 de exercer opción de compra)	Orzamento máximo de Impresión e mantemento
		Orzamento anual:	34.000,00 €	35.000,00 €
		IVE (21 por cento):	7.140,00 €	7.350,00 €
		Total anual:	41.140,00 €	42.340,00 €
		Total para os catro anos	136.000,00 €	140.000,00 €
		IVE (21 %):	28.560,00 €	29.400,00 €
		Total:	164.560,00 €	169.400,00 €
		No caso de prórroga	0,00 €	70.000,00 €
		IVE (21 %):	0,00 €	14.700,00
		Total:	0,00 €	84.700,00 €
Total do valor estimado do contrato (o valor estimado do contrato vén determinado polo importe total, tendo en conta calquera forma de opción e eventuais prórrogas, IVE excluído)			346.000,0 €	
O adxudicatario deberá facerse cargo de diverso equipamento, valorado en 9.475,79 €, importe que se reflectirá nas primeiras facturas emitidas descontando sobre o prezo total que resulte en cada mes da suma do alugamento dos equipos e do custo da impresión.				
O plan de amortización das máquinas esténdese polos catro anos de duración; polo tanto, no caso de exercer o Parlamento a opción de compra, prorrogarse o obxecto do contrato, que comprenderá a impresión, a asistencia técnica e o mantemento.				

6	Partida orzamentaria	<p>01.01.111b.206.00 (alugamento dos equipos): Anualidades 2017,2018,2019,2020,2021 (agás o exercicio actual 2017, o resto quedan condicionadas á existencia de crédito)</p> <p>01.01.111B.216 (impresión): Anualidades 2017,2018,2019,2020,2021,2022,2023 (agás o exercicio actual 2017, o resto quedan condicionadas á existencia de crédito)</p>
7	Forma de pagamento	<p>O prezo aboarase en cotas mensuais por mensualidades vencidas, de acordo coa factura expedida polo adxudicatario e verificada polo responsable competente. As facturas expedidas polo adxudicatario serán presentadas no Punto xeral de entrada de Facturas electrónicas da Xunta de Galicia (os códigos DIR figuran na cláusula 16ª destes pregos)</p> <p>A cota mensual constará de dous compoñentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - custo mensual do arrendamento dos equipos - pago do prezo por páxina (ppp) en función das copias realizadas ese mes distinguindo cor das copias en branco e negro. <p>O custo mensual do arrendamento dos equipos aboarase durante a vixencia do contrato, sen incluír as posibles prórrogas.</p> <p>O pago do prezo por páxina (ppp) incluírá, ademais do custo de copia, todos os servizos de mantemento e a subministración dos consumibles (agás o papel) precisos para o funcionamento dos equipos que se describen no apartado 3.4, asistencia técnica, do prego de prescricións técnicas.</p>
8	Duración do contrato	Catro anos desde o día da súa formalización
9	Prórrogas do contrato	No caso de exercer o Parlamento a opción de compra (cota 48), prorrogarase a parte referida á impresión, asistencia técnica e mantemento, polo tempo que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo de dous anos máis
10	Revisión de prezos	O prezo desta contratación non será obxecto de revisión, xa que no seu cálculo se tiveron en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o seu prazo de execución.
11	Solvencia económica e financeira	Declaración relativa ao volume anual de negocios do licitador que, referida ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato (ou sexa, 103.500,00 €). Acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario está inscrito no devandito rexistro, ou, no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
12	Solvencia técnica e profesional	Considerarase solvente a empresa licitadora que acredite un importe anual acumulado, no ano de maior execución dentro dos cinco últimos anos, de subministracións similares por valor igual ou superior ao 70 % do orzamento anual de licitación (ou sexa, 48.300,00 €). Os licitadores deberán entregar unha relación, selada e asinada, das principais subministracións do mesmo tipo realizadas no cinco últimos anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, destas. As subministracións realizadas acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou, a falta desta certificación, mediante unha declaración

		do empresario. Só se terán en conta, para efectos de acreditar a solvencia, as subministracións relacionadas co obxecto desta contratación que aparezan relacionadas e respecto das cales se acheguen certificacións ou declaración do empresario á que se fai referencia neste apartado.																		
13	Obrigas contractuais esenciais	Non se establecen.																		
14	Subcontratación	Permítese. No caso de manifestar o licitador no sobre A a intención de subcontratar parte do contrato, deberá incluír no sobre C o <u>anexo V</u>																		
15	Criterios de adxudicación	<p>I.- Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, ata 80 puntos:</p> <p>a) Prezo do arrendamento dos equipos: ata 26 puntos. A puntuación de cada apartado repartirase de acordo coa seguinte fórmula: $P_i = \text{Puntos para repartir} * (MO/O_i)$.</p> <p>Pi: Puntuación de oferta i O_i: Oferta i MO: Mellor oferta</p> <p>Puntos para repartir:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tipo 1: 3 puntos - Tipo 2: 1,5 puntos - Tipo 3: 13 puntos - Tipo 4: 2,5 puntos - Tipo 5: 6 puntos <p>b) Prezo por copia: ata 31 puntos. A puntuación de cada apartado repartirase de acordo coa seguinte fórmula: $P_i = \text{Puntos para repartir} * (MO/O_i)$.</p> <p>Pi: Puntuación de oferta i O_i: Oferta i MO: Mellor oferta</p> <p>Puntos para repartir:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Custo da copia en branco/negro para máquinas tipo 1, tipo 2, tipo 3 e tipo 4: 8 puntos - Custo da copia en branco/negro para máquinas tipo 5: 2 puntos - Custo da copia en cor para máquinas tipo 3 e tipo 4: 21 puntos <p>As ofertas incluírán o detalle do prezo de arrendamento de cada unha das tipoloxías dos equipos ofertados.</p> <p>Así mesmo, as ofertas deberán incluír un único prezo por páxina das impresións/copias en branco e negro e cor para cada unha das tipoloxías dos equipos ofertados, segundo corresponda en cada caso.</p> <p>Os prezos máximos por páxina para cada tipoloxía de máquina son os que se recollen na seguinte táboa:</p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th>Tipoloxía</th> <th>Custo máximo páxina B/N</th> <th>Custo máximo páxina cor</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Tipo 1</td> <td>0,0095 € (+ IVE)</td> <td>Non aplica</td> </tr> <tr> <td>Tipo 2</td> <td>0,0095 € (+ IVE)</td> <td>Non aplica</td> </tr> <tr> <td>Tipo 3</td> <td>0,0090 € (+ IVE)</td> <td>0,060 € (+ IVE)</td> </tr> <tr> <td>Tipo 4</td> <td>0,0090 € (+ IVE)</td> <td>0,055 € (+ IVE)</td> </tr> <tr> <td>Tipo 5</td> <td>0,0055 € (+ IVE)</td> <td>Non aplica</td> </tr> </tbody> </table> <p>c) Mellora: Equipos de <i>backup</i>: ata 12 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tipo 1: ata 2 puntos <ul style="list-style-type: none"> - Se se oferta 1 máquina para ter en stock: 1 punto 	Tipoloxía	Custo máximo páxina B/N	Custo máximo páxina cor	Tipo 1	0,0095 € (+ IVE)	Non aplica	Tipo 2	0,0095 € (+ IVE)	Non aplica	Tipo 3	0,0090 € (+ IVE)	0,060 € (+ IVE)	Tipo 4	0,0090 € (+ IVE)	0,055 € (+ IVE)	Tipo 5	0,0055 € (+ IVE)	Non aplica
Tipoloxía	Custo máximo páxina B/N	Custo máximo páxina cor																		
Tipo 1	0,0095 € (+ IVE)	Non aplica																		
Tipo 2	0,0095 € (+ IVE)	Non aplica																		
Tipo 3	0,0090 € (+ IVE)	0,060 € (+ IVE)																		
Tipo 4	0,0090 € (+ IVE)	0,055 € (+ IVE)																		
Tipo 5	0,0055 € (+ IVE)	Non aplica																		

		<ul style="list-style-type: none"> - Se se ofertan 2 ou máis máquinas para ter en stock: 2 puntos - Tipo 2: ata 2 puntos <ul style="list-style-type: none"> - Se se oferta 1 máquina para ter en stock: 2 puntos - Tipo 3: ata 8 puntos <ul style="list-style-type: none"> - Se se oferta 1 máquina para ter en stock: 4 puntos - Se se ofertan 2 ou máis máquinas para ter en stock: 8 puntos <p>d) Mellora das características técnicas dos equipos ofertados (11 puntos): Valoraranse as melloras sobre as características técnicas dos equipos requiridos como mínimos. En concreto, valoraranse coas seguintes puntuacións:</p> <table border="1" data-bbox="598 616 1353 851"> <thead> <tr> <th>Tipoloxía</th> <th>Mellora velocidade de impresión</th> <th>Mellora velocidade de escaneado</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Tipo 1</td> <td>2 puntos</td> <td>Non aplica</td> </tr> <tr> <td>Tipo 2</td> <td>1 punto</td> <td>1 punto</td> </tr> <tr> <td>Tipo 3</td> <td>2 puntos</td> <td>1 punto</td> </tr> <tr> <td>Tipo 4</td> <td>1 punto</td> <td>1 punto</td> </tr> <tr> <td>Tipo 5</td> <td>1 punto</td> <td>1 punto</td> </tr> </tbody> </table> <p>Para cada tipo, o licitador que oferte o maior valor (ppm/opm) acadará a puntuación máxima. Ás ofertas que cumpran o mínimo requirido asignaráselles 0 puntos, e, ao resto, de xeito proporcional.</p> <p>II.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ata 20 puntos. Valor técnico da oferta:</p> <p>a) Valor técnico da oferta: de 0 a 27 puntos: Valoraranse os seguintes aspectos:</p> <p>a.- Plan de implantación e planificación de execución dos traballos: 10 puntos. Avaliaranse aspectos como organización, medios achegados, e criterios para a realización das fases de posta en marcha do servizo.</p> <p>Para a planificación do traballo preténdese obter os fitos (entrega de material, configuración, instalación de <i>drivers</i>, configuración de ferramenta de control de custo, ...) establecendo os prazos e os recursos precisos para a consecución destes. En concreto avaliarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tarefas que hai que realizar e estimación temporal destas (1 punto) - Relación entre as tarefas e os recursos dedicados a estas: indíquense os recursos dedicados a cada tarefa (2 puntos) - Modelo de seguimento do plan para verificar a completitude das tarefas (3 puntos) <ul style="list-style-type: none"> - Viabilidade da proposta que permita a continuidade das tarefas de impresión, con base nos posibles condicionantes ou limitacións que poidan darse (tecnolóxicos, persoais e funcionais) (3 puntos) - Establecemento de datas dos fitos (1 punto) <p>b.- Características do <i>software</i> de monitorización (10 puntos). Valoraranse as características coas que conte o <i>software</i> de monitorización dos equipos, e en particular aquelas que permitan a petición automática de consumibles e a proactividade no mantemento das máquinas, así como o control do servizo de impresión por parte dos usuarios do directorio activo.</p>	Tipoloxía	Mellora velocidade de impresión	Mellora velocidade de escaneado	Tipo 1	2 puntos	Non aplica	Tipo 2	1 punto	1 punto	Tipo 3	2 puntos	1 punto	Tipo 4	1 punto	1 punto	Tipo 5	1 punto	1 punto
Tipoloxía	Mellora velocidade de impresión	Mellora velocidade de escaneado																		
Tipo 1	2 puntos	Non aplica																		
Tipo 2	1 punto	1 punto																		
Tipo 3	2 puntos	1 punto																		
Tipo 4	1 punto	1 punto																		
Tipo 5	1 punto	1 punto																		
16	Contido do sobre B	Os licitadores deberán incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, devedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións																		

		técnicas, os detalles ou as precisións que considere convenientes para a mellor realización da prestación obxecto da contratación, así como a documentación que permita a valoración dos criterios de adjudicación establecidos no punto 15 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.
17	Contido do sobre C	Os licitadores deberán incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé devedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adjudicación avaliábeis mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 15 do cadro de especificacións. En todo caso, o modelo de proposición que se insire como anexo IV.
18	Garantía provisional	Non se exige.
19	Garantía definitiva	Por importe do 5 % do prezo de licitación, excluído o IVE.
20	Garantías complementarias	Non se exige.
21	Mesa de Contratación	Presidente: o vicepresidente 1º da Mesa do Parlamento. Vogais: - a secretaria da Mesa do Parlamento. - a vicesecretaria da Mesa do Parlamento. - un letrado ou letrada do Parlamento. - a interventora do Parlamento (en caso de ausencia, poderaa suplir a viceinterventora do Parlamento). Secretario: o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento (en caso de ausencia poderao suplir un funcionario ou funcionaria do servizo).
22	Apertura de proposicións	Sobre B: no día e na hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e que se publicará no Perfil de contratante da páxina web do Parlamento de Galicia. Sobre C: no día e na hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e que se publicará no Perfil de contratante da páxina web do Parlamento de Galicia.
23	Prazo para a entrega da subministración	2 meses desde a formalización do contrato
24	Prazo de garantía da subministración	Durante toda a execución do contrato, incluídas as posibles prórrogas
25	Responsable do contrato	Servizo de Tecnoloxías da Información
26	Seguro de responsabilidade civil	Non se exige.
27	Penalidades	En coherencia co establecemento dun prazo determinado (2 meses) para a entrega do equipamento ao Parlamento de Galicia, é imprescindible facer un seguimento rigoroso do cumprimento deste prazo e consecuentemente penalizar o seu posible incumprimento polo adjudicatario, establecendo unha penalidade do 4% do importe do contrato (con base no artigo 212.1 do TRLCSP) polo prexuízo que lle provocaría ao Parlamento de Galicia que o adjudicatario non realizase a entrega do dito material, o que implicaría que o Parlamento de Galicia non dispuxese de servizo de impresión.

		<p>Respecto dos Acordos de Nivel de Servizo (ANS) que se establecen no prego de prescricións técnicas, dado que o seu incumprimento supón un prexuízo para a eficiente prestación do servizo, coa diminución da calidade requirida, establécense as seguintes penalidades:</p> <p>a.- No caso de que non se cumpra o prazo establecido para o tempo máximo de resposta ante incidencias, imporase unha penalización do 0,25 % do prezo de licitación (35.000,00 €) do apartado de impresión por cada vez que se incumpra este.</p> <p>b.- No caso de que non se cumpra o prazo establecido para o tempo máximo de resolución de incidencias, imporase unha penalización do 0,50 % do prezo de licitación (35.000,00 €) do apartado de impresión por cada vez que se incumpra este.</p> <p>c.- No caso de que non se cumpra o prazo establecido para o tempo máximo de substitución dun equipo, imporase unha penalización do 0,25 % do prezo de licitación (35.000,00 €) do apartado de impresión por cada día hábil de atraso na entrega deste respecto do valor establecido no acordo de nivel de servizo.</p> <p>d.- No caso de que non se cumpra o prazo establecido para o tempo máximo de entrega de informes, imporase unha penalización do 0,50 % do prezo de licitación (35.000,00 €) do apartado de impresión por cada día hábil de atraso na entrega destes respecto do valor establecido no acordo de nivel de servizo.</p> <p>e.- No caso de que se alcance o número de incidencias dun equipo establecido para un mes, o adxudicatario deberá proceder á súa substitución por outro de características iguais ou superiores.</p> <p>Todas estas penalidades aplicaranse sen prexuízo de que, de ser o caso, se desconte o prezo do arrendamento do equipo afectado polo tempo proporcional.</p>
28	Acceso ao Perfil de contratante	www.parlamentodegalicia.gal
29	Data de envío do anuncio ao DOUE	07 de agosto de 2017

Anexo I

(sobre A)

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de), tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exigen no Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación de contrato de, para os efectos do establecido na cláusula vixésimo terceira do prego de cláusulas administrativas para o caso de efectuar notificacións, expresamente autorizo ao Parlamento de Galicia a efectuar as notificacións que se produzan como consecuencia da tramitación deste procedemento a través do seguinte correo electrónico:

Correo electrónico:

Lugar
Data
Sinatura do/a licitador/a

Anexo II

(Sobre A)

Modelo de declaración responsable

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de, tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exigen no Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación do contrato de, para os efectos do establecido na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas que rexe este contratación,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

— Que tanto a entidade coma quen a representa e asina esta declaración teñen a personalidade xurídica suficiente e, se é o caso, representación verificada, e cumpren as condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional exixidas para participaren neste procedemento de contratación.

— Que achegará en calquera momento que lle sexa solicitada polo Parlamento de Galicia a documentación acreditativa do cumprimento destas circunstancias.

— Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en ningún suposto aos que se refire o artigo 60 do TRLCSP.

— Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Finalmente, engado o compromiso desta entidade de ofrecer o obxecto deste contrato cumprindo coas exixencias dos pregos, cuxo contido asumo.

Lugar

Data

Sinatura e selo do/a licitador/a

Anexo III*Modelo de aval
(para o caso de se constituír garantía mediante aval)*

A entidade(razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), co NIF nº, con domicilio (para efectos de notificación e requirimentos) na (rúa/praza/avenida, código postal, localidade), e no seu nome D./D^a(nome e apelidos das persoas apoderadas) con poderes suficientes para obrígalo neste acto,

AVALA a(nome e apelidos ou razón social do avalado), co NIF nº, en virtude do disposto no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, para responder das seguintes obrigas (detallar o obxecto do contrato ou da(s) obriga(s) asumidas polo garantido), perante o Parlamento de Galicia, por importe de (en letra e cifras).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pagamento ao primeiro requirimento do Parlamento de Galicia, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

Este aval permanecerá vixente ata que o Parlamento de Galicia autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido no Texto refundido da Lei de contratos do sector público e na lexislación complementaria.

Lugar

Data

Sinatura e selo do/a licitador/a

VERIFICACIÓN DE SUFICIENCIA DE PODERES

Anexo IV
Modelo de proposición
(Sobre B)

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de), tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no prego de cláusulas administrativas da contratación para a adxudicación de contrato de, comprométese a realizar a prestación obxecto do contrato con suxeición ás condicións establecidas no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas desta contratación, polos seguintes importes:

a) Prezo do arrendamento dos equipos			
	<i>Prezo anual</i>	<i>IVE</i>	<i>Total</i>
Tipo 1			
Tipo 2			
Tipo 3			
Tipo 4			
Tipo 5			

b) Prezo por copia			
<i>copia</i>	<i>Prezo</i>	<i>IVE</i>	<i>Total</i>
branco/negro para máquinas tipo 1, tipo 2, tipo 3 e tipo 4			
branco/negro para máquinas tipo 5			
cor para máquinas tipo 3 e tipo 4			

c) Equipos de <i>backup</i> ofertados	
Tipo 1	
Tipo 2	
Tipo 3	

d) Mellora das características técnicas do equipos		
<i>Tipoloxía</i>	<i>velocidade de impresión</i>	<i>velocidade de escaneado</i>
Tipo 1		
Tipo 2		
Tipo 3		
Tipo 4		
Tipo 5		

Lugar
Data
Sinatura e selo do/a licitador/a

Anexo V*(Sobre C)*

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de), tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no prego de cláusulas administrativas da contratación para a adxudicación de contrato de, declara, ao abeiro do artigo 227 do TRLCSP, que ten intención de subcontratar a seguinte parte do contrato:

Descrición da parte do contrato que se subcontrata:	
Importe	
Nome ou perfil empresarial do subcontratista:	

*Lugar**Data**Sinatura e selo do/a licitador/a*

Prego de prescricións técnicas para a contratación administrativa para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais do Parlamento de Galicia, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada

1 Introducción

- [1]. Ao Servizo de Tecnoloxías da Información do Parlamento de Galicia (en diante, PG) correspóndelle o deseño, programación, organización, proposta de adquisición, xestión, control e impulso en materia de infraestruturas, equipamento e aplicación informática e de servizos de telecomunicación da Administración parlamentaria e en relación coas súas redes de datos e telecomunicacións.
- [2]. O PG conta con diversos equipos de impresión distribuídos polos diferentes departamentos, distinguíndose equipos persoais e departamentais.
- [3]. O obxecto deste procedemento é a substitución das impresoras e equipos multifuncionais existentes no PG por outras de similares características e a definición do servizo de mantemento delas.

2 Obxectivos

- [4]. A presente contratación pretende implementar unha solución de impresión en papel para o PG. Os obxectivos concretos que se pretenden con ela son:
- Entrega, instalación, configuración e alugamento do parque de impresoras, fotocopiadoras e equipos multifuncionais.
 - Mantemento dos equipos
 - Servizo de asistencia técnica do equipamento
 - Servizo de pago por copias/impresións realizadas en branco/negro e cor
 - Xestión dos residuos xerados polo equipamento posto a disposición do PG
 - Retirada dos actuais equipos de impresión

3 Servizos requiridos

3.1 Equipamento

- [5]. O PG solicita a subministración do equipamento que se detalla nos seguintes apartados na modalidade de alugamento de equipos.

[6]. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas os prezos unitarios de cada unha das máquinas ofertadas por tipoloxía.

[7]. Todo o equipamento cumprirá os seguintes requirimentos, sen prexuízo das características técnicas mínimas que se solicitan para cada tipoloxía:

- Conexión a rede coa posibilidade de ser configurados e obter estado e incidencias vía web (xestión via SNMP).
- Impresión en rede.
- Conectividade: Gigabit Ethernet e USB 2.0. ou superior
- Linguaxe de impresión PCL5e, PCL6, PostScript 3, XPS, PDF 1.7 ou compatible.
- Controladores compatibles con Windows 7, Windows 10 e Windows Server 2008 ou superior.
- As máquinas que inclúan disco duro deben dispor da funcionalidade de impresión diferida.
- Deberán ser novos, sen uso e de recente fabricación. Non se admitirán máquinas nin remanufacturadas nin reacondicionadas.
- Deberán pertencer a unha única marca e modelo para cada tipoloxía definida.
- Os escaneos non terán custo en ningunha tipoloxía de máquina.
- Tecnoloxía de impresión láser ou led.
- Deberase fornecer para cada tipo de equipo un manual de uso en formato electrónico no que se detallarán as instrucións que se precisan para efectuar sen risco a posta en servizo, a utilización normal con relación de incidencias habituais e a súa resolución así como unha guía rápida e un manual técnico.

3.1.1 TIPO 1: IMPRESORA A4 EN BRANCO/NEGRO CON REDE

[8]. Os licitadores deberán subministrar 31 unidades desta tipoloxía, coas seguintes características mínimas:

- Velocidade da impresora: 40 páxinas por minuto (ppm)
- Resolución: 1200 x 1200 puntos por píxel (ppp)
- Memoria: 256 Megabytes (MB)
- Pantalla táctil en cor
- Bandexa de 250 follas e alimentador multipropósito de 100 follas
- Bandexa de entrada secundaria: 500 follas mínimo (incluíranse esta bandexa en 17 unidades)
- Dúplex integrado
- Carga de traballo mensual: 125.000 páxinas

[9]. Das 31 unidades a subministrar, unha delas deberá incluír dúas tarxetas de rede físicas.

3.1.2 TIPO 2: EQUIPO MULTIFUNCIONAL A4 BRANCO/NEGRO CON REDE

[10]. Os licitadores deberán subministrar 5 unidades desta tipoloxía, coas seguintes características mínimas:

- Velocidade de impresión e de copia: 40 ppm
- Resolución: 1200 x 1200 ppp (impresión)
- Memoria: 1 GB
- Pantalla táctil en cor
- Bandexa de 500 follas e alimentador multipropósito de 100 follas
- Impresión e copia dúplex automática estándar
- Escáner de cor dúplex con alimentador de 50 follas
- Velocidade de dixitalización: 30 orixinais por minuto (opm)
- Carga de traballo mensual: 150.000 páxinas

3.1.3 TIPO 3: EQUIPO MULTIFUNCIONAL A4 EN COR CON REDE

[11]. Os licitadores deberán subministrar 26 unidades desta tipoloxía, coas seguintes características mínimas:

- Velocidade de impresión e de copia: 40 ppm en monocromo e cor
- Resolución: 1200 x 1200 ppp (impresión) e 600 x 600 (dixitalización)
- Memoria: 1 GB
- Tempo de impresión da primeira páxina: inferior a 8 segundos tanto en monocromo coma en cor
- Disco duro: 250 GB
- Pantalla táctil en cor
- Bandexa de 500 follas e alimentador multipropósito de 100 follas
- Impresión e copia dúplex automática estándar
- Escáner de cor dúplex con alimentador de 50 follas
- Velocidade de dixitalización: 30 orixinais por minuto (opm) en monocromo e en cor
- OCR sen licenzas a maiores e xerando documento PDF/A
- Carga de traballo mensual: 150.000 páxinas

3.1.4 TIPO 4: EQUIPO MULTIFUNCIONAL A3 EN COR CON REDE

[12]. Os licitadores deberán subministrar 2 unidades desta tipoloxía, coas seguintes características mínimas:

- Velocidade de impresión e de copia: 30 ppm en monocromo e cor
- Resolución: 1200 x 1200 ppp (impresión) e 600 x 600 (dixitalización)
- Memoria: 2 GB
- Tempo de impresión da primeira páxina: inferior a 8 segundos tanto en monocromo coma en cor
- Disco duro: 250 GB
- Pantalla táctil en cor
- Bandexa de 500 follas e alimentador multipropósito de 100 follas
- Impresión e copia dúplex automática estándar
- Escáner de cor dúplex con alimentador de 100 follas (dobre lámpada, unha única pasada)
- Velocidade de dixitalización: 50 orixinais por minuto (opm) en monocromo e cor
- Carga de traballo mensual: 100.000 páxinas

3.1.5 TIPO 5: EQUIPO MULTIFUNCIONAL A3 EN BRANCO/NEGRO CON REDE

[13]. Os licitadores deberán subministrar 2 unidades desta tipoloxía, coas seguintes características mínimas:

- Velocidade de impresión e de copia: 70 ppm
- Resolución: 1200 x 1200 ppp (impresión) e 600 x 600 (dixitalización)
- Memoria: 2 GB
- Tempo de impresión da primeira páxina: inferior a 4 segundos
- Disco duro: 250 GB
- Pantalla táctil en cor
- 4 bandexas, unha de alta capacidade, cunha capacidade total de 3500 follas e alimentador multipropósito de 100 follas
- Impresión e copia dúplex automática estándar
- Finalizador e clasificador con grapado de 100 follas
- Escáner de cor dúplex con alimentador de 150 follas (dobre lámpada, unha única pasada)
- Velocidade de dixitalización: 140 orixinais por minuto (opm) en monocromo e cor
- Carga de traballo mensual: 175.000 páxinas

3.2 Funcionalidades software e de xestión

[14]. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas un software que permita a supervisión do estado dos equipos e determinar as necesidades destes no referente ao cambio de consumibles.

[15]. As funcións básicas coas que terá que contar o software serán as seguintes:

- Obtención de informes co número de copias, impresións e escaneos realizados nun período determinado por cada máquina. Posibilidade de obter o número de impresións de xeito individual, por usuarios do directorio activo, e o envío de correos co consumo mensual por usuario.
- Obtención de informes por máquina co número de incidencias/avarías, cambios de consumibles, etc. nun período de tempo.
- Coñecer o estado dos consumibles en tempo real para poder repoñelos de xeito proactivo antes de que o equipo deixe de funcionar.
- Monitorización en rede dos equipos para poder consultar modelo, enderezo IP, número de serie, lectura de contadores, alertas, etc. Recepción de alertas (atascos, falta de tóner/papel, avarías,...)
- A impresión por defecto debe ser sempre en B/N; para poder imprimir en cor hai que elixir manualmente a impresora co driver de cor, e facilitar o código correspondente, ou a solución que forneza o licitador.

[16]. O adxudicatario deberá configurar todos os equipos que dispoñan cunha funcionalidade de escaneo para que os documentos dixitalizados se almacenen nas localizacións de rede que procedan, segundo as indicacións do Servizo de Tecnoloxías da Información.

3.3 Instalación

[17]. A instalación do equipamento incluírá as seguintes tarefas:

- Instalación física das máquinas nos lugares definidos polo Servizo de Tecnoloxías da Información.
- Posta en marcha e configuración hardware e software das máquinas (incluíndo configuración de rede e escaneo, se procede), seguindo as directrices establecidas polo Servizo de Tecnoloxías da Información.

- Realización das probas precisas para verificar a correcta instalación e funcionamento, aplicando as actualizacións precisas e proporcionando todos os cables, conectores, etc. precisos para que os equipos sexan plenamente funcionais con base nas directrices establecidas polo Servizo de Tecnoloxías da Información.
- Formación básica de emprego dos equipos aos usuarios e ao persoal técnico do Servizo de Tecnoloxías da Información.
- Colaboración co persoal técnico do Servizo de Tecnoloxías da Información para a implementación dos equipos no servidor de impresión do PG.
- Calquera outra actividade precisa para garantir o funcionamento correcto do equipamento.

3.3.1 PRAZO

[18]. Establécese o prazo de 2 meses desde a data da sinatura do contrato para a instalación de todo o equipamento.

[19]. Unha vez rematado o prazo de instalación, asinarase a correspondente acta de recepción do material. A partir do dito momento iniciarase a prestación do servizo.

3.4 Asistencia técnica

[20]. Os licitadores incluírán nas súas ofertas un servizo de asistencia técnica cunha cobertura de 8x5. Esta asistencia técnica incluírá a asistencia telefónica, por correo electrónico ou a través dunha plataforma web, así coma o desprazamento de técnicos para a solución de avarías dos equipos.

[21]. O soporte prestarase de luns a venres laborables en horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00.

[22]. Entre as funcións do soporte atoparanse:

- O envío de comunicacións precisas para garantir o correcto desenvolvemento do servizo.
- O mantemento preventivo dos equipos instalados: supervisión e comprobación de funcionamento correcto e o seguimento e control de incidencias.
- A lectura mensual de contadores con control das impresións/copias realizadas.
- A elaboración e remisión mensual do informe de xestión.
- A xestión dos consumibles, garantindo a existencia dun stock suficiente nas instalacións do PG. A substitución dos consumibles realizaraa o persoal do PG.
- O mantemento da xestión do sistema, accesos e seguridade.

[23]. Os licitadores deberán garantir a dispoñibilidade de técnicos capacitados para prestar o servizo, co fin de que se vexa afectado o menos posible en caso de vacacións, ausencias, enfermidade ou outras continxencias. Así mesmo, deberá garantir que conta coas instalacións e técnicos suficientes para cumprir os acordos de nivel de servizo definidos no apartado 5, Acordos de nivel de servizo (ANS).

3.5 Servizo de mantemento dos equipos

[24]. O adxudicatario deberá encargarse do mantemento dos equipos garantindo o correcto funcionamento destes. Este mantemento incluírá a subministración de pezas e consumibles e a instalación de pezas precisas durante a vixencia do contrato.

[25]. Todos os consumibles e pezas incluídos dentro do servizo de mantemento deberán ser os orixinais do fabricante.

[26]. O mantemento incluírá, entre outros:

- A man de obra e todas as pezas e consumibles precisos para levar a cabo o mantemento correctivo e preventivo dos equipos. As pezas e recambios deberán ser orixinais do fabricante.
- O adxudicatario deberá garantir que ningunha máquina estará parada sen funcionar durante máis de 48 horas. No caso de avarías graves, realizarase a substitución das máquinas nos termos previstos nos acordos de nivel de servizo.
- O adxudicatario deberá encargarse da recollida de consumibles usados coa periodicidade que estableza o PG.
- Comunicacións ante calquera dúbida ou incidencia relativa aos equipos.

[27]. Todos os gastos xerados por calquera clase de operación exixida pola reparación ou substitución de equipos, incluído o movemento ou retirada da impresora, serán por conta do contratista, que non poderá reclamar aboamentos por tales conceptos, ao estar incluídos dentro do servizo de mantemento.

[28]. O adxudicatario ten a obriga de cumprir todos os requisitos legais vixentes en materia medioambiental e de residuos, debendo encargarse da retirada e xestión dos residuos xerados durante a execución do contrato; para tales efectos terá que proporcionarlle ao PG os colectores precisos para a súa recollida.

3.6 Garantía dos equipos

[29]. A garantía dos equipos cobre a totalidade do contrato, incluíndo as posibles prórrogas.

3.7 Requirimentos xerais do material fornecido

[30]. Para todo os equipamentos incluídos neste PPT, o adxudicatario debe garantir que estes:

- Proceden da canle autorizada polo fabricante
- Son elixibles para a garantía do fabricante
- Son novos, de primeiro uso e que se entregan na embalaxe orixinal
- Son elixibles para recibir soporte do fabricante e o servizo de acordo coas políticas do fabricante
- O equipamento fornecido estará acompañado dunha licenza de software válida
- Cumpre coa normativa europea aplicable, de ser o caso
- O fabricante está informado de que se venden ao devandito cliente

[31]. O provedor deberá proporcionar unha confirmación escrita emitida polo fabricante de que é distribuidor autorizado para vender o equipamento.

[32]. A empresa adxudicataria facilitará polo menos un identificador de usuario que permita acceder ao servidor do fabricante con privilexios suficientes para descargar os ficheiros de software correspondentes a todos os códigos de produto que se atopen incluídos no contrato de mantemento, que son todos os que compoñen a solución técnica ofertada. En virtude deste servizo terase dereito a instalar en calquera dos elementos incluídos no contrato de soporte, calquera tipo de software ou firmware, e en particular "major releases", "minor releases" e "maintenance releases", así coma "parches", "bug-fixes", etc., sempre que non se modifique a licenza ("licensed feature set") que teña autorizado o elemento e non se incumpran as normativas e regulacións do fabricante. A empresa adxudicataria non poderá fixar limitacións adicionais no número, versións ou tamaño dos ficheiros descargados.

4 Volume medio de impresións/copias durante os anos 2015 e 2016

[33]. Para os efectos de valoración polos licitadores, sen que supoña para o PG ningún compromiso de consumo, o volume medio de impresións/copias durante os anos 2015 e 2016 é o seguinte:

Tipo-loxía	Ano 2016		Ano 2015	
	Copias B/N	Copias cor	Copias B/N	Copias cor
Tipo 1	287.585	Non aplica	314.533	Non aplica
Tipo 2	142.324	Non aplica	147.657	Non aplica
Tipo 3	139.317	257.109	173.338	222.360
Tipo 4	41.194	49.956	495.400	194.307
Tipo 5	320.030	Non aplica	409.198	Non aplica

Táboa 1. Volume de impresións 2015/2016

5 Acordos de nivel de servizo (ANS)

[43]. Definiranse os acordos de nivel de servizo (ANS) como os acordos entre o PG e o adxudicatario da presente contratación nos que se definen os obxectivos do servizo e as responsabilidades das dúas partes.

[44]. Os acordos definirán as métricas sobre as que o PG avaliará a actividade do adxudicatario.

[45]. Os ANS non terán un carácter permanente e poderán ser obxecto de revisións periódicas ou puntuais.

[46]. De seguido amósase a relación de ANS aplicables desde o momento do inicio dos servizos obxecto deste contrato

5.1 Parámetros dos ANS

[47]. Para establecer as métricas dos ANS definiranse o criterio de prioridade das incidencias producidas.

[48]. Determinarase a prioridade dunha incidencia segundo o impacto no conxunto de procesos afectados e segundo a urxencia da solución. De seguido amósanse os códigos de prioridade.

5.2 Códigos de prioridade

[49]. O Parlamento será o encargado de establecer os niveis de prioridade para as incidencias que se poidan producir. Os 3 tipos de niveis de prioridade posibles son os seguintes:

[50]. Prioridade 1: Defínese como máxima prioridade (tipo 1) aquela que lle corresponde ao caso de que algún equipo se atopa totalmente fóra de servizo.

[51]. Prioridade 2: Defínese como prioridade media (tipo 2) aquela que lle corresponde a un caso no que algún equipo non funciona a pleno rendemento, pero segue sendo parcialmente funcional.

[52]. Prioridade 3: Defínese como prioridade baixa (tipo 3) aquela que lle corresponde a un caso no que algún equipo presenta problemas de efecto limitado ou pouco importante.

5.3 Acordos de nivel de servizo (ANS)

5.3.1 INDICADOR 1. TMAXRESP

Indicador	TMAXRESP
Título	Tempo máximo de resposta ante incidencias
Obxectivo	Reducir o tempo de resposta de incidencias relativas ao funcionamento dos equipos
Descrición do servizo	Tempo máximo de resposta a incidencias relativas ao funcionamento das máquinas, reflectindo a calidade do servizo
Responsable do indicador	O responsable designado polo adxudicatario como encargado da medición e o cumprimento. O responsable do STI, como encargado da definición e o seguimento.
Niveis de servizo	TMAXRESP <= 30 minutos para código de prioridade 1 TMAXRESP <= 1 hora para código de prioridade 2 TMAXRESP <= 2 horas para código de prioridade 3

Periodicidade de revisión	Mensual
Métricas	Para cada incidencia: TMAXRESP = [Data-hora resposta e comunicación incidencia] - [Data-hora apertura incidencia] TMAXRESP <= Tempo reflectido no ANS
Outros	

5.3.2 INDICADOR 2. TMAXRESO

Indicador	TMAXRESO
Título	Tempo máximo de resolución de incidencias
Obxectivo	Reducir o tempo de resolución de incidencias relativas ao funcionamento dos equipos
Descrición do servizo	Tempo máximo de resolución de incidencias relativas ao funcionamento das máquinas, reflectindo a calidade do servizo
Responsable do indicador	O responsable designado polo adxudicatario como encargado da medición e o cumprimento. O responsable do STI, como encargado da definición e o seguimento.
Niveis de servizo	TMAXRESO <= 8 horas para código de prioridade 1 TMAXRESO <= 24 horas para código de prioridade 2 TMAXRESO <= 48 horas para código de prioridade 3
Periodicidade de revisión	Mensual
Métricas	Para cada incidencia: TMAXRESO = [Data-hora resolución e comunicación incidencia] - [Data-hora apertura incidencia] TMAXRESO <= Tempo reflexado no ANS
Outros	

5.3.3 INDICADOR 3. TMAXSUB

Indicador	TMAXSUB
Título	Tempo máximo substitución de equipos
Obxectivo	Reducir o tempo de substitución dos equipos avariados
Descrición do servizo	Tempo máximo para a substitución de equipos cuxa reparación exceda 48 horas, por outro de iguais ou superiores características
Responsable do indicador	O responsable designado polo adxudicatario como encargado da medición e o cumprimento. O responsable do STI, como encargado da definición e o seguimento.
Niveis de servizo	TMAXSUB <= 72 horas
Periodicidade de revisión	Trimestral
Métricas	TMAXSUB= [Data-hora substitución equipo] - [Data-hora apertura incidencia] TMAXPROC <= Tempo reflectido no ANS
Outros	

5.3.4 INDICADOR 4. TMAXINF

Indicador	TMAXINF
Título	Período máximo de entrega de informes de número de copias dos equipos
Obxectivo	Reducir o tempo de elaboración dos informes de resumo do número de copias realizadas por cada equipo nun período de tempo (xeralmente 1 mes)
Descrición do servizo	Tempo máximo para a entrega dos informes relativos aos números de copias realizadas.

Responsable do indicador	O responsable designado polo adxudicatario como encargado da medición e o cumprimento. O responsable do STI, como encargado da definición e o seguimento.
Niveis de servizo	TMAXINF <= 7 días
Periodicidade de revisión	Mensual
Métricas	TMAXINF <= Tempo reflectido no ANS
Outros	

5.3.5 INDICADOR 5. NUMINCI

Indicador	NUMINCI
Título	Número de incidentes mensuais por equipos
Obxectivo	Determinar os equipos que presentan incidencias habituais, para mellorar a calidade do servizo
Descrición do servizo	Número de incidentes dun equipo, nun período dun mes, que requiren a intervención do técnico para a súa solución.
Responsable do indicador	O responsable designado polo adxudicatario como encargado da medición e o cumprimento. O responsable do STI, como encargado da definición e o seguimento.
Niveis de servizo	NUMINCI <=5
Periodicidade de revisión	Mensual
Métricas	NUMINCI = [nº incidencias dun equipo nun mes] NUMINCI <= número mínimo esixido
Outros	

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de agosto de 2017, polo que se inicia o procedemento e se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios

Por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 1 de agosto de 2017 iniciouse a tramitación da contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios.

Nesa mesma data a Mesa da Cámara aprobou os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen o procedemento, e que se insiren a continuación.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017.

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios

Primeira. Obxecto do contrato e réxime xurídico

1. O obxecto e as necesidades que se pretenden satisfacer con este contrato descríbense no punto 1 do cadro de especificacións, no que tamén constará a codificación correspondente á nomenclatura Vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e á Clasificación de produtos por actividades (CPA-2008) segundo o Regulamento (CE) núm. 451/2008, do 23 de abril.

2. Este contrato ten carácter administrativo e rexerase polo establecido neste prego; no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (en diante, TRLCSP); no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e, en canto non estea derrogado, no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en diante, RXLCAP).

No que non estea previsto neste prego de cláusulas administrativas, as dúas partes sométense expresamente ao disposto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público e mais nas súas disposicións complementarias.

O prego de prescricións técnicas no que se describen as características do servizo que haberá que prestar revestirá carácter contractual, polo que deberá ser asinado asemade en proba da súa conformidade polo adxudicatario na formalización do contrato.

No caso de discordancia entre este prego e calquera restante documento contractual prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Unicamente se admitirá a presentación de variantes cando así se estableza no punto 4 do cadro de especificacións.

No suposto de que se admitan, os licitadores poderán introducir na súa proposición variantes ou alternativas que incorporen solucións alternativas ás definidas nas prescricións técnicas, nos termos establecidos no punto 4 do cadro de especificacións.

Segunda. Orzamento de licitación e existencia de crédito

1. O orzamento de licitación máximo é o establecido no punto 5 do cadro de especificacións.

Para todos os efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o imposto sobre o valor engadido -IVE- (que figurará como partida independente) e demais tributos que lle sexan aplicables segundo as disposicións vixentes.

2. A partida orzamentaria en que se garante que existe crédito axeitado e suficiente e con cargo á cal será financiado o contrato será a establecida no punto 6 do cadro de especificacións.

3. A forma de pagamento será a establecida no punto 7 do cadro de especificacións.

Terceira. Duración do contrato e revisión de prezos

1. A duración do contrato será a establecida no punto 8 do cadro de especificacións.

O punto 9 do cadro de especificacións poderá recoller a posibilidade e, en tal caso, as condicións da prórroga deste contrato.

2. O prezo de adxudicación poderá ser obxecto de revisión sempre que así se determine no punto 10 do cadro de especificacións, consonte o establecido nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

Cuarta. Forma e procedemento de adxudicación do contrato

Este contrato adxudicarase por procedemento aberto, consonte o disposto nos artigos 138, 150 e 157 ao 161 do TRLCSP.

Quinta. Capacidade para contratar

1. Poderanse presentar a esta contratación e formular as conseguintes proposicións, con suxeición ás cláusulas deste prego e ao de prescricións técnicas, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean comprendidas nalgunha das circunstancias enumeradas no artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica e financeira, así como técnica ou profesional.

Poderanse presentar unións temporais de empresarios, nos termos do artigo 59 do TRLCSP.

As empresas estranxeiras non comunitarias ateranse ao disposto no artigo 55 do TRLCSP.

2. As empresas que poden participar na contratación serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización

con elementos persoais e materiais abondos para unha debida execución das prestacións exixidas.

Sexta. Documentación e contido

Quen licite non poderá presentar máis dunha proposición, agás o disposto no artigo 147 do TRLCSP, nin poderá subscribir ningunha proposta e unión temporal de empresas con outros de o ter feito individualmente, nin tampouco figurar en máis dunha unión temporal de empresas.

No caso de que o obxecto do contrato estea dividido en lotes, os licitadores poderán presentar proposicións para todos os lotes ou só para algún deles, pero non poderá presentar máis dunha proposición para cada lote.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas presentadas.

O licitador formulará a súa proposición en sobres pechados e asinados, nos que indicará, en cada un deles, o nome ou a razón social da entidade, o título do obxecto da contratación e, se é o caso, o lote ou os lotes aos que presenta oferta, así como o número do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma. A sinatura dos sobres permite aseverar a presentación polos contratistas, motivo polo que o dito aspecto deberá ser realizado materialmente sobre os sobres, a non ser que a presentación sexa vía electrónica.

Para os efectos do disposto no artigo 140 do TRLCSP, quen licite deberá manifestar de forma explícita qué información incluída na súa oferta ten carácter confidencial.

Os licitadores poderán solicitar, por medios electrónicos, as aclaracións que estimen pertinentes sobre o contido dos pregos e a documentación complementaria ata o mesmo día de remate do prazo para presentar ofertas. A Administración responderá, dentro do prazo para presentar ofertas, no tempo máis breve posible.

A) Sobre A: «Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira, así como solvencia técnica e profesional dos licitadores».

Dentro deste sobre incluírase, pola orde que se detalla, a seguinte documentación:

1. Un índice dos documentos incluídos no sobre.
2. O documento ou os documentos que acrediten a capacidade de obrar do empresario, mediante a presentación, de a empresa ser persoa xurídica, da escritura ou do documento de constitución ou modificación, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito for exixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non o ser, acreditarase mediante a escritura ou o documento da constitución, a modificación, os estatutos ou o acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo a persoa xurídica de que se trate.

De se tratar de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea, acreditarase a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente segundo a lexislación do Estado onde estea establecido ou a presentación dunha declaración xurada ou certificado nos termos que se indican no anexo I do RXLCAP.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular do ámbito territorial onde radique o domicilio da empresa. No caso de contrato suxeito a regulación harmonizada prescindirase do informe de reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre

contratación pública da Organización Mundial de Comercio, consonte o disposto no artigo 55 do TRLCSP.

No caso de persoas naturais, a personalidade acreditarase mediante a presentación do documento nacional de identidade (DNI) ou do documento que, se é o caso, o substitúa legalmente.

3. Cando quen asine a proposición non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, deberá achegar o poder de representación, inscrito no rexistro mercantil, se é o caso, e con verificación de suficiencia por un letrado dos Servizos Xurídicos da Cámara. Deberase incluír copia do DNI e da tarxeta do número de identificación fiscal –NIF– de quen asine a proposición.

4. A declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración do artigo 60 do TRLCSP, que incluírá a manifestación do artigo 146.1.c) do TRLCSP.

5. A solvencia económica e financeira do empresario exixida para este contrato será a establecida no punto 11 do cadro de especificacións.

6. A solvencia técnica e profesional do empresario exixida para este contrato será a establecida no punto 12 do cadro de especificacións.

7. Ao abeiro do artigo 65.1.b) do TRLCSP, no punto 13 do cadro de especificacións poderase establecer a clasificación con que os licitadores poderán alternativamente, en substitución da solvencia económica e financeira así como técnica e profesional das alíneas anteriores, acreditar a súa solvencia.

8. Porén, poderase establecer no punto 14 do cadro de especificacións que a acreditación da solvencia exixida non exime a quen licite de achegar o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais abondos para a súa execución, nos termos que se establezan, o cal deberá achegarse en todo caso.

De acordo co previsto no artigo 64.2 do TRLCSP, á marxe de acreditar a solvencia requirida, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente; medios que, a xuízo do órgano de contratación, deberán cumprir os requisitos establecidos no cadro de especificacións.

Neste caso, a categoría profesional e o nivel de coñecementos técnicos exixidos no prego de prescricións técnicas terán o carácter de obrigas contractuais esenciais. A falsidade nas acreditacións profesionais e no nivel de coñecementos técnicos do persoal ofertado, deducida do contraste entre a oferta técnica e os coñecementos reais demostrados na execución dos traballos, implicará asumir responsabilidades fronte á Administración parlamentaria e será causa da resolución do contrato, consonte o establecido no artigo 223.f) do TRLCSP.

9. Se é o caso, o xustificante de ter constituída a garantía provisional polo importe de ata o 3 por cento do orzamento máximo de licitación sinalado no punto 5 do cadro de especificacións, e en calquera das formas previstas no artigo 103 do TRLCSP e nos artigos 56, 57 e 58 do RXLCAP.

10. No caso de que quen licite sexa unha unión de empresas, haberá que averse ao disposto no artigo 59 do TRLCSP.

Así mesmo, deberase presentar un documento suscrito por cada representante das empresas asociadas no que se comprometan, de resultaren adxudicatarias, a constituírse en unión de empresarios, se aínda non se constituísen.

11. As empresas estranxeiras achegarán declaración expresa de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poida xurdir do contrato, con renuncia expresa, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que poida corresponderlle ao licitador.

12. A inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma eximirá os licitadores de presentaren a documentación das alíneas 2, 3 e 4, sen prexuízo da obriga do contratista de achegar declaración responsable na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Para os efectos da acreditación da inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, quen licite fará constar no exterior do sobre o número do rexistro que lle corresponda. A Administración do Parlamento incorporará de oficio o dito certificado ao expediente, logo de llo solicitar telematicamente ao Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia.

O licitador que presente a oferta económica máis vantaxosa deberá reiterar, antes da adxudicación do contrato, a manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

13. De ser o caso, e sempre que o punto 15 do cadro de especificacións o permita, a indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

14. De ser o caso, o enderezo de correo electrónico no que se poden facer as notificacións derivadas do procedemento, segundo o modelo que se insire como anexo I.

15. Para os efectos do establecido na cláusula décima, para o suposto de que dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, a acreditación da porcentaxe, en relación co total da empresa, de traballadores fixos con discapacidade superior ao 2 por cento.

16. Deberanse presentar orixinais de todos os documentos anteriores ou as súas copias debidamente autenticadas.

17. Quen licite poderá substituír a presentación dos documentos das alíneas 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 11 pola declaración responsable, segundo o modelo que se inclúe como anexo II, na que se indicará que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar.

Tamén se poderá substituír a presentación da documentación das alíneas 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 11 pola presentación do Documento europeo único de contratación (DEUC). Para estes efectos o Parlamento de Galicia facilitará aos licitadores a través do perfil de contratante (http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/contenidogal/informacioninstitucional/Perfil_Contratacion.aspx), un documento "xml" que se deberá importar e cubrir a través da seguinte ligazón: <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter>.

No perfil de contratante do Parlamento poderase obter información adicional sobre o Documento europeo único de contratación.

En todo caso, de presentar declaración responsable do anexo II ou o Documento europeo único de contratación, o licitador en cuxo favor se faga a correspondente proposta de adxudicación deberá acreditar, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos exixidos. En todo caso, o Parlamento de Galicia poderá requirir, en

calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen a dita documentación acreditativa.

18. En todo caso, os licitadores deberán acreditar figurar inscritos no Rexistro Xeral de Empresas de Seguridade do Ministerio do Interior, como empresas instaladoras e mantedoras de equipos de seguridade, e certificados de empresa instaladora e mantedora, e acreditarán o cumprimento dos requisitos regulamentarios exixidos polo Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, sobre instalacións de protección contra incendios e modificacións segundo o expresado no Real decreto 560/2010, do 7 de maio; a Orde do 16 de abril de 1988, sobre normas de procedemento e desenvolvemento do Real decreto 1942/1993, e a autorización de recargador mantedor de extintores conforme a normativa vixente.

19. Quen licite deberá incluír toda a documentación requirida neste sobre en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuedé, lapis de memoria...).

B) Sobre B: «Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor».

Quen licite deberá incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas, os detalles ou as precisións que considere convenientes para a mellor realización da prestación obxecto da contratación, así como a documentación que permita a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

En todo caso, deberá conter a documentación exixida no punto 17 do cadro de especificacións.

Neste sobre B non se poderá incluír información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían baseándose nos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas, a cal debe incluírse no sobre C.

O incumprimento desta condición por parte dunha proposición podería dar lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación no caso de que inflúa significativamente na valoración das ofertas unha vez ponderado, agás que se presentase un único licitador.

C) Sobre C: «Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas».

1. Quen licite deberá incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 16 do cadro de especificacións.

En todo caso, deberá conter a documentación exixida no punto 18 do cadro de especificacións.

2. O importe da proposición non poderá superar o orzamento de licitación establecido no cadro de especificacións.

Sétima. Anuncio da licitación e presentación de proposicións

1. As proposicións presentaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo, s/n, 15701 Santiago de Compostela, dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación que se publicará no *Diario Oficial Oficial da Unión Europea* e no *Boletín Oficial del Estado*.

2. Conforme o establecido nas Normas para a utilización dunha plataforma electrónica na contratación pública do Parlamento de Galicia (BOPG nº 170, do 2 de outubro de 2013, modificadas por Acordo da Mesa do 2 de decembro de 2013, BOPG nº 209, do 5 de decembro de 2013), poderán presentar alternativamente as súas proposicións a través da Plataforma electrónica de contratación ata o día en que finaliza o prazo para a presentación de ofertas.

No Perfil de contratante do Parlamento de Galicia existe un enlace directo coa plataforma (<https://licitacion.parlamentodegalicia.gal/>).

Os licitadores deberán asinar a oferta e todos os documentos asociados a ela con sinatura electrónica recoñecida, validamente emitida por un prestador de servizos de certificación, que garanta a identidade e integridade do documento, de conformidade coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

A documentación deberase achegar en formato PDF ou similar non editable. O incumprimento desta exigencia determinará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

Se a documentación que se achegue for xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da Mesa de Contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou no portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto, a documentación proporcionada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co sinalado na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Unha vez presentada unha oferta a través da plataforma electrónica xerarase un recibo electrónico que garantizará a data, a hora e o contido da proposición. Todas as proposicións recibidas electronicamente a través da plataforma electrónica serán custodiadas e encriptadas sen posibilidade de acceder ao seu contido ata que se constituía a Mesa de Contratación e se proceda á apertura delas conforme a normativa correspondente.

Non se poderá presentar máis ca unha proposición, ou ben en formato papel, ou ben en formato electrónico. A presentación de dúas proposicións implicará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

3. As proposicións tamén poderán ser enviadas por correo dentro do prazo de admisión sinalado nos anuncios de licitación. Neste caso, os licitadores deberán xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (é requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do servizo postal universal) e anunciarlle ao Parlamento a remisión da oferta mediante fax ou telegrama nese mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición de ser recibida polo Parlamento con posterioridade á data do remate do prazo de recepción de proposicións sinalado no anuncio. Con todo, despois do transcurso de dez días naturais seguintes á indicada data sen que se recibise a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

4. A presentación da oferta presupón que o interesado acepta de modo incondicional as cláusulas deste prego.

Oitava. *Garantías*

1. En atención ás circunstancias concorrentes no contrato, poderase exixir para participar na contratación, segundo o establecido no punto 19 do cadro de especificacións, a constitución dunha garantía provisional, nas formas e nos termos establecidos no artigo 103 do TRLCSP.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e seralles devolta aos licitadores logo da adxudicación do contrato, non sendo a do licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación como economicamente máis vantaxosa, a cal será retida ata que proceda á constitución da garantía definitiva.

A garantía provisional poderalles ser incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

2. O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír a garantía definitiva, polo importe establecido no punto 20 do cadro de especificacións, no prazo de dez días hábiles, que se contará desde o seguinte ao da recepción do requirimento da documentación da alínea 7 da cláusula décimo primeira. No caso de tramitación urxente este prazo reducirase a cinco días.

A garantía definitiva devolverase ou cancelarse consonte o disposto no artigo 102 do TRLCSP, en todo caso, logo de transcorrido o prazo de garantía do servizo.

3. Poderase exixir no punto 21 do cadro de especificacións a constitución de garantía complementaria.

4. As garantías poderanse prestar por algún dos medios regulados no artigo 96 do TRLCSP, e depositaranse —ou, se é o caso, acreditarase a súa constitución— na Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento.

5. A garantía definitiva e, se é o caso, a garantía complementaria estarán afectas ás responsabilidades enumeradas no artigo 100 do TRLCSP.

6. No caso de se constituír garantía mediante aval, deberase cubrir este segundo o modelo que se achega no anexo III.

7. No caso de que os licitadores fagan uso da facultade que lles concede o artigo 96.3 do TRLCSP e acrediten a constitución da garantía mediante medios electrónicos, deberán remitirle ao Parlamento o documento orixinal da devandita garantía antes da adxudicación do contrato.

Novena. *Mesa de Contratación*

A Mesa de Contratación estará composta, de acordo co establecido no artigo 29 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración parlamentaria (BOPG nº 633, do 24 de outubro de 2008), polos membros sinalados no punto 20 do cadro de especificacións. Comunicarase oportunamente no perfil do contratante no caso de se producir substitución por ausencia dalgún membro integrante da Mesa de Contratación.

Décima. *Criterios para a valoración das proposicións*

1. Teranse en conta para a valoración das proposicións presentadas en relación coa súa selección os criterios establecidos no punto 16 do cadro de especificacións.

2. Criterios de desempate. No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade non

inferior ao 2 por cento, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP.

Décimo primeira. *Fases da adxudicación*

1. Despois de rematar o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación procederá á apertura e ao exame da documentación incluída nos sobres A. De resultar precisa reparación de erros ou omisións na documentación presentada neste sobre A, a Mesa de Contratación concederá prazo para efectuala antes do acto público do punto seguinte.

2. Posteriormente, en acto público, que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 23 do cadro de especificacións, abriranse os sobres B das empresas que presentasen a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

3. Tamén en acto público, que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 23 do cadro de especificacións, abriranse os sobres C das empresas que presentasen a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

4. A Mesa de Contratación poderá solicitar antes de formular a súa proposta cantos informes técnicos considere precisos.

5. Unha vez que a Mesa de Contratación realizou a avaliación de todas as proposicións presentadas, efectuará a asignación de puntos segundo os criterios de adxudicación.

6. No caso de que algunha proposición económica incorra en baixa anormal ou desproporcionada consonte o establecido na cláusula décimo segunda, daráselle audiencia ao interesado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións dela. Poderanse solicitar, se é o caso, os informes técnicos que se consideren necesarios. No caso de que o licitador que presentase a proposición economicamente máis vantaxosa estea incurso en baixa anormal ou desproporcionada poderáselle exixir unha garantía complementaria conforme o establecido no punto 19 do cadro de especificacións.

No caso de considerar que unha oferta non pode ser cumprida como consecuencia dos valores anormais ou desproporcionados, a dita proposición será excluída da clasificación.

7. Ao realizar a avaliación e asignar a puntuación e, se é o caso, aceptar ou descartar as posibles baixas anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación clasificará as ofertas en orde decrecente e requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles —cinco días no caso de tramitación urxente—, contados desde o seguinte á recepción do requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Certificación de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma galega.

c) Alta, se é o caso, no imposto de actividades económicas, referido ao exercicio corrente, ou o último recibo, completado coa declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do citado imposto.

d) No caso de que o adxudicatario for unha unión de empresas, acreditación desta mediante presentación da escritura de constitución, e NIF asignado á unión.

e) Documento acreditativo de ter constituída a garantía definitiva e, se é o caso, a garantía complementaria, que se depositarán —ou, se é o caso, acreditarase a súa constitución— na Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento.

f) Xustificación de ter aboados os gastos dos anuncios de licitación.

A presentación dos documentos sinalados nas alíneas a), b) e c) poderase substituír, no caso de licitador con inscrición vixente no Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia que fixese constar tal circunstancia no sobre A coa documentación relativa á capacidade para contratar e á solvencia económica, financeira, técnica e profesional, pola manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

No caso de que o adxudicatario substituíse no sobre A a documentación administrativa da cláusula sexta pola declaración responsable do anexo II, deberá acreditar neste momento a posesión e a validez dos documentos exixidos.

8. No caso de que o licitador non cumprise adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e neste caso procederase a solicitarlle a mesma documentación ao seguinte que licitou pola orde en que quedasen clasificadas as respectivas ofertas.

9. Logo de recibir e comprobar a documentación requirida ao licitador e mais que reúne as condicións exixidas para o efecto, a Mesa de Contratación elevaralle á Mesa do Parlamento proposta de adxudicación do contrato ao seu favor.

10. Recibida a proposta da Mesa de Contratación, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará a adxudicación do contrato. Ben que a proposta de adxudicación no crea dereito ningún en favor do licitador proposto fronte ao Parlamento, cando a Mesa do Parlamento non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada motivará a súa decisión.

A adxudicación seralles notificada aos licitadores e simultaneamente publicada no Perfil de contratante do Parlamento de Galicia, nos termos do artigo 151.4 do TRLCSP.

11. Poderase declarar deserto o procedemento no caso de non existir oferta ou proposición que sexa admisible conforme os criterios que figuren no cadro de especificacións.

Décimo segunda. *Baixas anormais ou desproporcionadas*

Consideraranse, en principio, anormais ou desproporcionadas as ofertas económicas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de vinte e cinco unidades porcentuais.

2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de vinte unidades porcentuais á outra oferta.

3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de dez unidades porcentuais á antedita media.

En calquera caso, consideraranse desproporcionada a baixa superior a vinte e cinco unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de dez unidades

porcentuais, procederáase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularáase sobre as tres ofertas de menor contía.

Décimo terceira. *Formalización do contrato*

O correspondente contrato administrativo entenderáase perfeccionado coa súa formalización no correspondente documento administrativo, no que non se poderán incluír en ningún caso cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato non poderá realizarse antes dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se remita a notificación da adxudicación a licitador e candidatos.

Engadiranse a este contrato, e pasarán a formar parte del, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares do procedemento de contratación, así como a oferta do licitador que resulte adxudicatario.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se poida formalizar o contrato no prazo sinalado, a Mesa do Parlamento poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso, se exixise, e mais a indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración parlamentaria, e poderá adxudicarse a quen licitou deseguido por orde das súas ofertas.

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP. Non obstante, no cadro de especificacións poderá determinarse a prohibición da subcontratación.

Décimo cuarta. *Gastos e impostos*

Tanto na oferta que formule o licitador coma nos orzamentos de adxudicación entenderáase comprendidos para todos os efectos os gastos e os impostos de toda índole que graven os diversos conceptos, sen que, polo tanto, poida ser repercutido ningún deles como partida independente.

Serán tamén a cargo do adxudicatario o pagamento do importe dos gastos de publicación de anuncios e cantos outros se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, igual que o pagamento de toda clase de tributos estatais e locais.

No cadro de especificacións poderá enumerarse, se é o caso, outros gastos que serán por conta do adxudicatario.

Décimo quinta. *Condicións para a execución do contrato*

O servizo que prestará a empresa adxudicataria suxeitaráase ás seguintes condicións:

1. A empresa contratista elaborará un estudo organizativo do contrato que comprenda a metodoloxía dos traballos e os manuais de procedemento para a prestación do servizo.

No caso de que a prestación do servizo implique a utilización, mesmo fóra das dependencias da propia empresa, de persoal da empresa contratista, esta deberá observar o disposto nesta cláusula respecto do seu persoal. No estudo organizativo do contrato describiráanse, se é o caso, as funcións do persoal propio da empresa e a forma de realizar.

O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas, aos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e mais de acordo co manual de procedemento elaborado polo contratista e aprobado pola Administración do Parlamento.

2. O prazo de execución do contrato será o establecido no punto 24 do cadro de especificacións.

3. O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato de acordo coa oferta formulada. Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do persoal, sendo a Administración parlamentaria allea ás ditas relacións laborais.

O adxudicatario indicará os nomes das persoas adscritas á empresa que ten previsto designar e que cumpran os requisitos que se exixisen no momento da súa aceptación pola Administración parlamentaria. O adxudicatario estará obrigado a asignar para a execución dos traballos aos que se refire este prego os facultativos cuxo nome figure na súa oferta, coa dedicación definida nela. Polo tanto, durante a vixencia do contrato, o persoal asignado a este con dedicación completa non poderá intervir noutro traballo. Así mesmo, o adxudicatario non poderá substituír o persoal facultativo establecido na súa oferta sen a expresa autorización do director dos traballos.

4. O contratista é responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e mais das prestacións e dos servizos realizados, nos termos do artigo 305 do TRLCSP. A empresa contratista dispoñerá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada, a cal se precisará no estudo organizativo do servizo, que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como o distribuír. Corresponde, así mesmo, á empresa contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos, ou calquera outra manifestación das facultades do empregador. En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto.

No caso de enfermidade, licenzas, permisos ou outras ausencias ou situacións similares do persoal asignado ao servizo, o adxudicatario tomará as medidas oportunas para manter en todo momento o número de efectivos persoais ofertados. Así pois, durante as vacacións, permisos ou licenzas do persoal asignado á prestación do servizo, o adxudicatario deberá proceder á súa substitución por outro persoal da empresa coa mesma titulación e nivel de coñecementos, circunstancia que se lle deberá comunicar á Administración parlamentaria por escrito, con mención expresa e acreditación dos datos identificativos e profesionais e académicos do persoal substituído.

Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato.

5. Corresponderalle á Administración parlamentaria os poderes de verificación e control da execución do contrato establecidos no TRLCSP.

6. É responsabilidade da empresa contratista facilitarles aos seus traballadores todos os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, incluídos os aparellos de intercomunicación e localización inmediata.

7. A formación do persoal da empresa adxudicataria correrá por conta dela, e en ningún caso o seu custo será asumido polo Parlamento.

8. O adxudicatario está, así mesmo, obrigado ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral.

9. No caso de se producir unha suspensión do contrato, haberá que aterse ao estipulado no artigo 220 do TRLCSP e nas normas de desenvolvemento. De a Administración

parlamentaria acordar unha suspensión dos traballos, levantarase a correspondente acta de suspensión.

10. O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento. Para tal fin dispón das prerrogativas establecidas no artigo 307 do TRLCSP.

11. A recepción realizarase consonte o disposto nas alíneas 1, 2 e 4 do artigo 222 do TRLCSP e nos artigos 203 e 204 do RXLCAP.

12. O prazo de garantía da prestación dos servizos obxecto do contrato será o establecido no punto 25 do cadro de especificacións. Durante o período de garantía, o contratista está obrigado a reparar, pola súa conta, todas as deficiencias que se puideren observar, con independencia das consecuencias que deriven das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo co establecido neste prego e no artigo 305 do TRLCSP.

13. No punto 26 do cadro de especificacións poderase establecer a obriga do contratista de concertar ou acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubra todas as posibles responsabilidades perante a Administración do Parlamento derivadas da execución do contrato e os posibles danos nos bens públicos que se ocupen ou utilicen.

14. Co motivo dun compromiso ambiental, o Parlamento de Galicia exixiralle ao contratista o cumprimento, na execución deste contrato, de boas prácticas ambientais no desenvolvemento da súa prestación do servizo e o debido cumprimento da lexislación vixente.

Décimo sexta. *Pagamentos ao contratista*

O contratista terá dereito ao aboamento, conforme os prezos contratados, da prestación realmente executada. O importe da prestación realizada acreditarase por medio da presentación da factura correspondente, así como da documentación que, de se considerar precisa, xustifique a realización total ou parcial do contrato.

Procederá a emisión da factura unha vez cumprida a prestación obxecto do contrato ou a partir do día seguinte do asinamento da acta de recepción positiva por parte da Administración e o contratista.

No caso de que a prestación do servizo non acade o mes completo, o rateo da mensuralidade efectuarase por días, de acordo coa seguinte fórmula: [(cota mensual / días do mes) * nº de días de prestación do servizo].

A factura deberase presentar en formato electrónico no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF). O código DIR3 que identifica o Parlamento de Galicia no SEF é o seguinte:

					CÓDIGO DIR3		
CIF	RECEPTOR	ENTIDADE	ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	UNIDADE DE CONTRATACIÓN	OFICINA CONTABLE	ÓRGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
S1533001B	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	100000344	100000344	100000344

Correspóndelle ao responsable do contrato a conformidade ou o rexeitamento das facturas presentadas. No caso de conformidade coa prestación, quen sexa responsable do contrato conformará a factura correspondente. No caso contrario, emitirá un informe da súa discrepancia, do que se lle dará traslado ao contratista. Este terá dereito ao período de audiencia por un prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación. Simultaneamente, procederase ao rexeitamento da factura a través do Punto

xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF) con indicación dos motivos. A factura quedará rexistrada como anulada no rexistro contable de facturas. O pagamento do prezo relativo ao período controvertido non se tramitará mentres non se emenden as deficiencias e tras a presentación da nova factura.

O Parlamento procederá con carácter xeral ao aboamento da factura dentro dos trinta días seguintes á data de recepción da factura correspondente. No entanto, cando legalmente ou no contrato se dispoña un procedemento de aceptación ou comprobación mediante o cal se debe verificar a conformidade dos bens ou servizos co disposto no contrato, a súa duración non poderá exceder trinta días naturais, contados desde a data de recepción dos bens ou da prestación do servizo. Neste caso, o prazo de pagamento será de trinta días despois da data en que ten lugar a aceptación ou verificación dos bens ou servizos, incluso aínda cando a factura se recibise con anterioridade á aceptación ou verificación.

No caso de que o Parlamento incorra en mora no seu pagamento nos termos indicados anteriormente, deberá aboarlle ao contratista os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos da Lei 3/2004, do 29 de decembro. Para que se inicie o cómputo do prazo para a devindicación dos xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF) no prazo de quince días naturais desde o último día do mes natural do período facturado ou desde a data de recepción efectiva das mercadorías ou da prestación dos servizos.

Décimo sétima. *Execución do contrato*

1. O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dea ao contratista o órgano de contratación. Actuará como responsable do contrato a persoa designada no punto 27 do cadro de especificacións.
2. A execución do contrato realizarase ao risco e ventura do contratista, e este será responsable da calidade técnica do servizo. Consonte o establecido no artigo 156 do TRLCSP, non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa anterior formalización, agás nos casos previstos nos artigos 112 e 113 do TRLCSP.
3. Corresponderanlle á Administración parlamentaria os poderes de verificación e control da execución do contrato establecidos no TRLCSP. O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento. Para tal fin dispón das prerrogativas establecidas nos artigos 297 ao 300 do TRLCSP.
4. No caso de se producir unha suspensión do contrato, haberá que atermos ao estipulado no artigo 220 do TRLCSP e nas normas de desenvolvemento. Se a Administración parlamentaria acorda unha suspensión, levantarase a correspondente acta de suspensión.

Décimo oitava. *Entrega e recepción das subministracións*

1. As subministracións serán entregadas na Administración parlamentaria no lugar ou na dependencia que se lle indique ao adxudicatario.
2. Quen sexa adxudicatario realizará a entrega e instalación da subministración dentro do prazo establecido no punto 24 do cadro de especificacións, así como nas cantidades que lle demande a Administración segundo as súas necesidades. O seu incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de sancións.

3. Cada unha das entregas que realice o adxudicatario será obxecto por parte da Administración parlamentaria de inspección para comprobar que o material recibido se axusta ás condicións exixidas e ás finalidades previstas nos pregos de prescricións técnicas. Se os bens non estiveren en estado de ser recibidos, farase constancia expresa desta circunstancia e serán devoltos con indicacións precisas ao contratista para que realice unha nova subministración.

4. De cada entrega formalizarase o correspondente documento de recepción.

Décimo novena. *Garantía das subministracións*

1. O prazo de garantía da subministración obxecto do contrato será o establecido no punto 24 do cadro de especificacións. Durante o período de garantía, quen sexa contratista está obrigado á reposición da que resulte inadecuada ou á súa reparación, se é suficiente a xuízo do Parlamento, con independencia das consecuencias que puideren derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo co establecido neste prego e no artigo 298 do TRLCSP.

2. O adxudicatario deberá responder dos produtos ofertados, dos posibles defectos atribuíbles á súa fabricación, elaboración, procesado, embalaxe ou transporte durante o dito prazo de garantía, contado desde a data de cada unha das entregas.

3. O Parlamento reserva para si o dereito de inspeccionar e ser informado do proceso de fabricación, elaboración ou procesado dos bens obxecto deste contrato, e pode ordenar ou realizar por si mesmo probas, ensaios ou calquera outro sistema de control de calidade.

Vixésima. *Confidencialidade e protección de datos*

O contratista deberá respectar o carácter confidencial de toda a información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, especialmente a de carácter persoal. A dita información non poderá ser utilizada, cedida ou copiada para outro fin distinto do que resulte da propia execución do contrato, nin sequera para os efectos de conservación, polo que queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (en diante LOPD); no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, e no resto da lexislación aplicable.

Se como consecuencia da execución deste contrato o contratista debe acceder a datos de carácter persoal incluídos en ficheiros titularidade do Parlamento de Galicia, e para os efectos de cumprir coa obriga do artigo 12.2 da LOPD, mediante esta cláusula régúlase o réxime e a natureza do tratamento dos datos de carácter persoal pertencentes ao Parlamento de Galicia (responsable do ficheiro ou tratamento) que realizará o contratista (como encargado do tratamento) como resultado da prestación do contrato.

Quen sexa contratista está obrigado a gardar segredo e confidencialidade sobre os datos de carácter persoal aos que teña acceso con motivo da realización das súas tarefas ou funcións; obriga que se compromete a seguir respectando unha vez finalizado o contrato e que lle impide realizar calquera actuación pola que directa ou indirectamente divulgue ou poña en coñecemento de terceiras persoas non autorizadas calquera dato persoal ao que teña acceso.

O devandito tratamento realizarase de conformidade co establecido na LOPD e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD.

Calquera tratamento dos datos de carácter persoal á marxe dos que expresamente deriven do cumprimento deste contrato está, agás acordo en contrario por escrito das partes, expresamente excluído do seu obxecto.

O contratista reconece as obrigas que o afectan respecto do tratamento de datos de carácter persoal por conta de terceiros, para cuxo cumprimento asume, de conformidade co establecido no artigo 12 da LOPD, os seguintes compromisos:

- a) Accederá aos datos de carácter persoal cuxo responsable é o Parlamento de Galicia unicamente se tal acceso é necesario para a execución deste contrato, e non utilizará ou aplicará os citados datos para fin distinto do da dita execución.
- b) Tratará os datos segundo as instrucións do Parlamento de Galicia.
- c) Informará o persoal que teña acceso aos datos de carácter persoal das obrigas relativas ao seu tratamento establecidas neste documento.
- d) Adoptará as medidas técnicas e organizativas pertinentes, de conformidade co estipulado nos artigos 81 e 82 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, para garantir a seguridade e integridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso, evitando a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. Para tales efectos, implantaranse nos ficheiros de datos de carácter persoal as medidas de seguridade do nivel que correspondan en atención á natureza dos datos obxecto de tratamento.
- e) Non lles comunicará en ningún caso a terceiras persoas os datos de carácter persoal aos que teña acceso.

Ao finalizar a relación entre ambas as partes derivada deste contrato, os datos de carácter persoal utilizados polo contratista deberán ser destruídos ou devoltos ao Parlamento de Galicia; o mesmo destino deberá darse a calquera soporte ou documentos en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Sen prexuízo do exposto con anterioridade, o contratista estará facultado para conservar os datos de carácter persoal, debidamente bloqueados, en tanto poida derivar responsabilidades da súa relación con Parlamento de Galicia ou cando exista unha obriga legal de conservación dos devanditos datos exigible a quen sexa contratista.

En todo caso, no non previsto nesta cláusula, será aplicable a normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Vixésima primeira. Modificación do contrato

Se durante a vixencia do contrato a Administración parlamentaria detecta a conveniencia ou a necesidade da súa modificación, ou a realización de traballos non contratados, observarase o disposto nos artigos 210, 211 e 219 e mais no título V do libro I do TRLCSP. Neste caso o contratista virá obrigado á modificación dos manuais de procedementos da alínea 1 da cláusula décimo quinta.

Vixésimo segunda. Resolución do contrato

Son causas de resolución do contrato, nos termos establecidos no artigo 112 do RXLCAP, ademais das establecidas nos artigos 223, 299 e 308 do TRLCSP, as seguintes:

- a) O incumprimento das obrigas ou das prohibicións enumeradas neste prego.

b) A grave deficiencia na prestación do servizo ou da subministración por parte do adxudicatario, debidamente documentada polo Parlamento.

Vixésimo terceira. Penalidades

No caso de incumprimento do disposto neste prego e no prego de prescricións técnicas ou a súa defectuosa prestación, a Mesa do Parlamento poderá optar indistintamente por:

a) Declarar resolto o contrato, con perda da garantía.

b) A imposición das penalidades por parte do órgano de contratación serán as previstas con carácter xeral nos artigos 212, 213 e 214 do TRLCSP, e en concreto as que se determinen no punto 28 do cadro de especificacións.

As cantidades por imposición de penalidades, logo do oportuno trámite de audiencia ao contratista, serán deducidas na seguinte facturación que proceda ou, de non ser posible, serán efectivas sobre a garantía que se constituíse. Neste caso, o contratista deberá repoñer ou ampliar esta na contía que corresponda no prazo de dez días hábiles.

A penalidade económica imposta non exclúe a indemnización de danos e perdas a que poida ter dereito a Administración.

En todo caso, a constitución de mora do empresario non precisará intimación previa por parte da Administración.

Vixésimo cuarta. Réxime das notificacións

As notificacións que deban realizarse derivadas da tramitación deste procedemento poderanse efectuar por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderase efectuar mediante correo electrónico ao enderezo que os licitadores designasen ao presentar as proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

No caso de que o licitador ou o seu representante rexeite a notificación, farase constar no expediente, e especificaranse as circunstancias dos intentos de notificación, polo que se terá por efectuado o devandito trámite.

Vixésimo quinta. Interpretación, recursos e xurisdición

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación, de acordo co establecido no artigo 40 do TRLCSP, os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que rexan a contratación, os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, e o acordo de adxudicación.

Considéranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorda a exclusión dos licitadores.

A tramitación deste recurso axustarase ao disposto nos artigos 40 a 49 do TRLCSP.

De acordo co establecido no artigo 45 do TRLCSP, no caso de que o acto recorrido sexa o de adxudicación, quedará en suspenso a tramitación do expediente de contratación.

Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra o resto de actos administrativos que non reúnan os requisitos do apartado 1 do artigo 40 do TRLCSP poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia.

A Mesa do Parlamento ten a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razón de interese público os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSP e no RXLCAP.

Os acordos que dite a Mesa do Parlamento, logo do informe da Oficialía Maior e da Intervención e Asuntos Económicos, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos dos contratos administrativos serán resoltas pola Mesa do Parlamento. Contra os seus acordos, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na lei reguladora da devandita xurisdición.

Cadro de especificacións do contrato				
1	Obxecto do contrato	a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios		
	Necesidade que cómpre satisfacer	Soporte técnico especializado para xestionar e manter a seguridade contra incendios e os sistemas de vixilancia e renovar equipos obsoletos de acordo coa normativa vixente.		
	Código nomenclatura CPV	50413200 - Servizos de reparación e mantemento de instalacións contra incendios		
	Código clasificación estatística CPA-2002	84.25.11 - Servizos de extinción e prevención de incendios		
2	Número de expediente	SRI-PA-9/2017		
3	Tramitación	Ordinaria		
4	Admisión de variantes	Non se admiten		
5	Orzamento máximo de licitación		Subministración	Servizo (importe anual)
		Orzamento	73.726,00 €	53.000,00 €
		IVE (21%)	15.482,46 €	11.130,00 €
		Total	89.208,46 €	64.130,00 €
	Total do valor estimado do contrato (o valor estimado do contrato vén determinado polo importe total, tendo en conta calquera forma de opción e eventuais prórrogas, IVE excluído).			285.726,00 €
6	Partida orzamentaria	01.01.111B.623 (subministración) 01.01.111B. 227.01 (servizo)		
	Distribución orzamentaria por exercicio	Ano 2017: 89.208,46 € (subministración) e 5.344,16 € (decembro-servizo) Ano 2018: 64.130,00 € (servizo, condicionado á existencia de crédito) Ano 2019: 58.785,84 € e 5.344,16 € (servizo, condicionado á existencia de crédito) se se prorroga Ano 2020: 64.130,00 € (servizo, condicionado á existencia de crédito) se se prorroga Ano 2021: 58.785,84 € (servizo, condicionado á existencia de crédito) se se prorroga		
7	Forma de pagamento	A parte referida ao servizo aboarase en cotas mensuais, por mensualidades vencidas, de acordo coa factura expedida polo adxudicatario e verificada polo responsable competente A parte referida á subministración, aboarase tras a formalización da acta de recepción da totalidade da subministración, que deberá completarse no prazo máximo de 6 meses desde a formalización do contrato. As facturas serán presentadas no Punto xeral de entrada de Facturas electrónicas		

		da Xunta de Galicia (os códigos DIR figuran na cláusula 16ª destes pregos)
8	Duración do contrato	Dous anos desde o día seguinte á súa formalización
9	Prórrogas do contrato	Polo tempo que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo de dous anos máis
10	Revisión de prezos	O prezo desta contratación non será obxecto de revisión, xa que no cálculo del foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o posible prazo de execución.
11	Solvencia económica e financeira	Declaración relativa ao volume anual de negocios do licitador que, referida ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato (ou sexa, 107.147,25 €). Acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, de o empresario estar inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
12	Solvencia técnica e profesional	Considerarase solvente a empresa licitadora que acredite un importe anual acumulado no ano de maior execución, dentro dos cinco últimos anos, de servizos similares por valor igual ou superior ao 70% do orzamento anual de licitación (ou sexa, 50.002,05 €). Os licitadores deberán entregar unha relación, selada e asinada, dos principais traballos do mesmo tipo realizadas no cinco últimos anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos realizados acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou na falta desta certificación, mediante unha declaración do empresario. Só se terán en conta para efectos de acreditar a solvencia os traballos relacionadas co obxecto da presente contratación, que aparezan relacionadas e respecto dos que se acheguen certificacións ou declaración do empresario.
13	Clasificación	Grupo P, subgrupo 5, categoría 1.
14	Obrigas contractuais esenciais	De acordo co previsto no artigo 64.2 do TRLSCP, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que deberán cumprir os requisitos requiridos na cláusula quinta do prego de prescricións técnicas como mínimos para garantir a súa correcta execución. Estes requisitos mínimos terán o carácter de obrigas contractuais esenciais. Para estes efectos os licitadores manifestarán, segundo o modelo de declaración responsable que se achega como anexo IV, que a totalidade do persoal que destinarán á prestación do servizo cumpre os requisitos exixidos.
15	Subcontratación	Permítese. No caso de manifestar o licitador no sobre A a intención de subcontratar parte do contrato, deberá incluír no sobre C o <u>anexo V</u>

16	Criterios de adxudicación	<p>- <u>Criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas: ata 55 puntos</u> Prezo: de 0 a 55 puntos. Ponderaranse as ofertas do seguinte xeito:</p> <p>a.- Prezo da renovación do sistema de detección e alarma de incendio: 17 puntos.</p> <p>b.- Prezo dos mantementos preventivo e correctivo: 38 puntos.</p> <p>Ponderaranse as ofertas, respecto destes dous criterios, con base na seguinte fórmula:</p> $Pi = \text{Puntos a repartir} * [(OI - Oi) / (OI - MO)]$ <p>Sendo: Pi: Puntuación de oferta i OI: Orzamento de licitación Oi: Oferta i MO: Mellor oferta</p> <p>- <u>Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: ata 45 puntos</u>. Valor técnico da oferta: de 0 a 45 puntos: Valoraranse os seguintes aspectos:</p> <p>a) Dentro do plan de traballo para a renovación do sistema de detección e alarma de incendios obxecto de subministración e instalación, valorarase o menor grao de interferencia dos traballos coa actividade da Administración Parlamentaria e a execución fóra do horario xeral de funcionamento do Parlamento, de 0 a 5 puntos</p> <p>b) Valorarase a continuidade do funcionamento do sistema actual durante a instalación dos novos equipos e, de ser o caso, as propostas de seguridade contra incendios alternativas mentres duren os traballos e terase en conta as propostas de sinalización, de 0 a 5 puntos</p> <p>c) Da descrición detallada dos diferentes equipos e compoñentes que se renovan, valorarase a calidade obxectiva dos materiais, contrastada con certificados de organismos independentes, e o grao de compatibilidade coa instalación existente, a capacidade e facilidade para incorporar no futuro ao sistema novos compoñentes, a facilidade de programación, a simplicidade no manexo da central de control e a claridade e flexibilidade dos gráficos de presentación da información, de 0 a 15 puntos.</p> <p>d) Da memoria da prestación do servizo en materia mantemento valorarase a simplicidade dos protocolos e metodoloxías de mantemento e a súa frecuencia, a rapidez na resposta para resolver incidencias e subministrar repostos, os protocolos e frecuencias de inspección e supervisión técnica, de 0 a 15 puntos.</p> <p>e) Valorarase a amplitude e homologación dos cursos de formación para o persoal de xestión e mantemento, o protocolo de almacenamento e compromisos de reciclaxe de compoñentes substituídos, de 0 a 5 puntos.</p> <p>Para a distribución dos puntos de cada apartado estableceranse tres graos ou niveis de satisfacción, atribuíndo a puntuación segundo os seguintes tramos:</p> <table border="1" data-bbox="528 1626 1455 1800"> <thead> <tr> <th>Grao</th> <th>Puntuación máxima 20 puntos</th> <th>Puntuación máxima 15 puntos</th> <th>Puntuación máxima 5 puntos</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Alto</td> <td>13-20</td> <td>12-15</td> <td>4-5</td> </tr> <tr> <td>Medio</td> <td>6-12</td> <td>5-11</td> <td>2-3</td> </tr> <tr> <td>Baixo</td> <td>0-6</td> <td>0-4</td> <td>0-1</td> </tr> </tbody> </table>	Grao	Puntuación máxima 20 puntos	Puntuación máxima 15 puntos	Puntuación máxima 5 puntos	Alto	13-20	12-15	4-5	Medio	6-12	5-11	2-3	Baixo	0-6	0-4	0-1
Grao	Puntuación máxima 20 puntos	Puntuación máxima 15 puntos	Puntuación máxima 5 puntos															
Alto	13-20	12-15	4-5															
Medio	6-12	5-11	2-3															
Baixo	0-6	0-4	0-1															
17	Contido do sobre B	Os licitadores deberán incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, devedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas, os detalles ou as precisións que considere convenientes para a mellor realización da prestación obxecto da contratación, así como a documentación que permita a valoración dos																

		critérios de adjudicación establecidos no punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.
18	Contido do sobre C	Os licitadores deberán incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, devedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adjudicación avaliábeis mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 16 do cadro de especificacións. En todo caso, modelo de proposición que se insire como <u>anexo VI</u> .
19	Garantía provisional	Non se exige.
20	Garantía definitiva	5 por cento do prezo de adjudicación.
21	Garantías complementarias	Non se exige.
22	Mesa de contratación	Presidente: o vicepresidente 1º da Mesa do Parlamento. Vogais: – a vicepresidenta 2ª da Mesa do Parlamento. – a secretaria da Mesa do Parlamento. – un letrado ou letrada do Parlamento. – a interventora do Parlamento (en caso de ausencia poderaa suplir a viceinterventora do Parlamento). Secretario: o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento (en caso de ausencia poderao suplir un funcionario ou funcionaria do Servizo).
23	Apertura de proposicións	Sobre B: no día e na hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e que se publicará no Perfil de contratante da páxina web do Parlamento de Galicia. Sobre C: no día e na hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e que se publicará no Perfil de contratante da páxina web do Parlamento de Galicia.
24	Prazo para a entrega da subministración	6 meses desde a formalización do contrato
25	Prazo de garantía do servizo	Durante a execución do contrato
26	Seguro de responsabilidade civil	Non se exige
27	Responsable do contrato	Servizo de Persoal e Réxime Interior
28	Penalidades	Establécese como penalidade o incumprimento da obriga de substituír os efectivos no caso de ausencia, baixa, licenza, permiso, vacacións ou por calquera outra, nos termos do apartado 4 da cláusula décimo quinta do PCA e a correspondente do PPT. Neste caso, ademais da obriga de detraer do prezo da contratación as cantidades relativas aos salarios e gastos sociais non aboados pola empresa con motivo da non substitución dos efectivos, establécese una penalidade do 10% do importe das ditas cantidades.
29	Acceso ao perfil de contratante	www.parlamentodegalicia.gal
30	Data de envío do anuncio ao DOUE	7 de agosto de 2017

Anexo I

(sobre A)

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de), tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no prego de cláusulas administrativas da contratación para a adxudicación de contrato de, para os efectos do establecido na cláusula vixésimo cuarta para o caso de efectuar notificacións, expresamente autorizo o Parlamento de Galicia a efectuar as notificacións que se produzan como consecuencia da tramitación deste procedemento a través do seguinte correo electrónico:

Correo electrónico:

Lugar
Data
Sinatura do/a licitador/a

Anexo II*(Sobre A)**Modelo de declaración responsable*

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de, tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exigen no prego de cláusulas administrativas da contratación para a adxudicación do contrato de, para os efectos do establecido na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

— Que tanto a entidade coma quen a representa e asina esta declaración teñen a personalidade xurídica suficiente e, se é o caso, representación verificada, e cumpren as condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional exixidas para participaren neste procedemento de contratación.

— Que achegará en calquera momento que lle sexa solicitada polo Parlamento de Galicia a documentación acreditativa do cumprimento destas circunstancias.

— Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en suposto ningún aos que se refire o artigo 60 do TRLCSP.

— Que a entidade se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Finalmente, engado o compromiso desta entidade de ofrecer o obxecto deste contrato cumprindo coas exixencias dos pregos, cuxo contido asumo.

*Lugar**Data**Sinatura e selo do/a licitador/a*

Anexo III*Modelo de aval
(para o caso de constituírse garantía mediante aval)*

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), co NIF nº, con domicilio (para efectos de notificación e requirimentos) na (rúa/praza/avenida, código postal, localidade), e no seu nome D./D^a(nome e apelidos das persoas apoderadas) con poderes suficientes para obrígallo neste acto,

AVALA a(nome e apelidos ou razón social do avalado), co NIF nº, en virtude do disposto no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, para responder das seguintes obrigas (detallar o obxecto do contrato ou das obrigas asumidas polo garantido), perante o Parlamento de Galicia, por importe de (en letra e cifras).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pagamento ao primeiro requirimento do Parlamento de Galicia, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

Este aval permanecerá vixente ata que o Parlamento de Galicia autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido no Texto refundido da Lei de contratos do sector público e na lexislación complementaria.

Lugar

Data

Sinatura e selo do/a licitador/a

VERIFICACIÓN DA SUFICIENCIA DE PODERES

Anexo IV*Declaración responsable
(Sobre A)*

D./D.^a, co DNI núm., en nome propio ou en representación da empresa, co NIF/CIF núm., para os efectos de participar na contratación administrativa para a do Parlamento de Galicia, e conforme o disposto na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas, declara que a totalidade do persoal que destinará á prestación do servizo, no caso de resultar adxudicatario, posúe a categoría profesional e coñecementos exixidos na cláusula quinta do prego de prescricións técnicas.

....., de de

Lugar

Data

Sinatura e selo do/a licitador/a

Anexo V*(Sobre C)*

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de), tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no prego de cláusulas administrativas da contratación para a adxudicación de contrato de, declara, ao abeiro do artigo 227 do TRLCSP, que ten intención de subcontratar a seguinte parte do contrato:

<i>Descrición da parte do contrato que se subcontrata:</i>	
Importe	
<i>Nome ou perfil empresarial do subcontratista:</i>	

*Lugar**Data**Sinatura e selo do/a licitador/a*

Anexo VI*Modelo de proposición
(Sobre C)*

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de), tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no prego de cláusulas administrativas da contratación para a adxudicación de contrato de, comprométese a realizar a prestación obxecto do contrato con suxeición ás condicións establecidas no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas desta contratación, polos seguintes importes:

	Subministración	
Prezo (excluído o IVE)	en letras:	
	en números:	
IVE	en letras:	
	en números:	
Total	en letras:	
	en números:	

	Servizo	
Prezo anual (excluído o IVE)	en letras:	
	en números:	
IVE	en letras:	
	en números:	
Total	en letras:	
	en números:	

Lugar
Data
Sinatura e selo do/a licitador/a

Prego de prescricións técnicas da contratación administrativa do servizo para a xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e das instalacións de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e a subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendio.

Primeira. Obxecto

O obxecto deste prego é determinar as especificacións técnicas en cuxo marco o adxudicatario do contrato deberá desenvolver a prestación do servizo para a xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e das instalacións de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e a subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendio.

Segunda. Alcance do contrato

A prestación dos servizos por parte da empresa adxudicataria terá o seguinte alcance: a xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e das instalacións de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, tanto dos actualmente existentes, como dos que se incorporan ou poidan incorporarse no futuro; e a subministración e instalación de equipos para a renovación do sistema de detección e alarma de incendio.

O obxectivo, no que se contempla unha subministración e instalación de equipos para a renovación do sistema de detección e alarma de incendios, é controlar e lograr o axeitado funcionamento de todas as instalacións obxecto deste contrato, mediante a realización do mantemento predictivo, preventivo e correctivo dos sistemas de protección contra incendios e vixilancia, o control das instalacións e dos equipamentos, así como a previsión, a corrección e a actuación inmediata no caso de calquera tipo de avarías, deficiencias, emerxencias ou sinistros dentro das instalacións do Parlamento de Galicia.

Os servizos prestados por parte da empresa adxudicataria terán o seguinte alcance:

A) A xestión e o mantemento integral (predictivo, preventivo e correctivo) dos sistemas de protección contra incendios e vixilancia do Parlamento:

- A adopción de medidas correctoras adecuadas nos casos de avarías, deficiencias, emerxencias ou sinistros, así como o cumprimento dos programas de mantemento preventivo.
- Garantir que os sistemas de vixilancia do edificio e os sistemas contra incendios se axusten en todo momento á legalidade vixente e en perfectas condicións de funcionamento.
- As actuacións de primeira intervención e a activación dos plans de comunicación e alarma previstos nos casos de avaría, deficiencia, emerxencia ou sinistro.
- Informar a Administración parlamentaria das avarías ou deficiencias, das emerxencias ou dos sinistros que se produzan.
- Coordinar e supervisar a instalación de novos sistemas, instalacións ou equipos relacionados cos sistemas de protección contra incendios e de seguridade e vixilancia.
- Asesorar e colaborar na coordinación dos traballos coa Administración parlamentaria en materia de prevención contra incendios e seguridade e vixilancia do edificio.
- Naquelas instalacións ou equipos que só se utilicen en momentos de urxencia, risco ou catástrofe, realizar as postas en marcha periódicas, programadas no Plan de emerxencias.

- Comprobar periodicamente que as instalacións obxecto do mantemento deste prego cumpren os requirimentos legais e regulamentarios respecto da súa fabricación, importación, instalación, revisión, homologación e, en xeral, respecto das súas características e especificacións.

- Levar a cabo calquera outra actividade relacionada co servizo obxecto deste contrato que lle encomende o Parlamento de Galicia.

O mantemento deberá garantir que se cumpran as condicións para a prevención e protección contra incendios para este tipo de edificios, co fin de protexer as vidas humanas e os bens, eliminando no posible as causas que producen a iniciación dos incendios e, no caso de que isto suceda, evitando a súa propagación e reducindo os seus efectos, cumprindo o Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 marzo, e o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, aprobado polo Real decreto 513/2017, do 5 de maio, e sucesivas modificacións, e as demais normas complementarias.

O mantemento básico que desenvolverá o adxudicatario correspóndese co exixido nas táboas I, II e III do Real decreto 513/2017, do 22 de maio. Este mantemento é o mínimo legalmente exixido; polo tanto, poderá ser ampliado ou completado polo adxudicatario na súa oferta, ou por requirimento do Parlamento de Galicia.

B) Subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendio.

Terceira. Descrición dos sistemas de protección contra incendios, de seguridade e de control de incidencias ou sinistros obxecto de xestión e mantemento

A composición dos distintos equipos e sistemas contra incendios instalados no Parlamento de Galicia que deberán xestionarse é a seguinte:

3.1. Sistemas automáticos de detección de incendio en servizo

A instalación está composta neste punto por:

- 1 ude. central principal analóxica de detección de incendios de 4 lazos marca Gent, modelo 3404.

- LAZO 1:

2 Interfaces con fonte de alimentación de 4 entradas/saídas.

2 Interfaces alimentados por bucle de 4 entradas/saídas.

1 Interface de 1 entrada/saída.

12 Pulsadores de alarma.

140 Detectores de fumes óptico-térmicos (11 con sirena).

- LAZO 2:

1 Interface alimentado por bucle de 4 entradas/saídas.

14 Pulsadores de alarma.

123 Detectores óptico-térmicos (3 con sirena).

- LAZO 3:

1 Interface con fonte de alimentación de 4 entradas /saídas.

3 Interfaces alimentados por bucle de 4 entradas/saídas.

9 Pulsadores de alarma.

110 Detectores óptico-térmicos (3 con sirena).

- LAZO 4:

3 Interfaces con fonte de alimentación de 4 entradas/saídas.

10 Pulsadores de alarma.

126 Detectores óptico-térmicos (4 con sirena e con entrada de pulsador).

Barreira analóxica composta por emisor e receptor infravermello.

97 Detectores termo velocimétricos no garaxe.

1 Central convencional autónoma 1X-F8 de GE Security.(50 detectores).

1 Panel repetidor Gent 13450.

1 Ordenador xenérico con procesador P4 conectado á central cun software supervisor instalado cos gráficos da instalación.

Instalado o novo sistema de detección e alarma de incendios, os equipos obxecto de xestión e mantemento serán os definidos na cláusula cuarta deste prego.

3.2. Sistemas manuais de alarma de incendio

Os sistemas manuais de alarma de incendio están constituídos por un conxunto de interruptores que permiten provocar voluntariamente e transmitir un sinal a unha central de control e sinalización permanentemente vixiada, de tal forma que sexa doadamente identificable a zona na que foi activado o interruptor.

A instalación está composta neste punto por:

- 45 pulsadores de incendio direccionais.

3.3. Sistemas de comunicación de alarma.

O sistema de comunicación da alarma permite transmitir un sinal diferenciado, xerado voluntariamente desde un posto de control. O sinal será, en todo caso, audible, debendo ser, ademais, visible cando o nivel de ruído onde deba ser percibido supere os 60 dB.

O nivel sonoro do sinal e o óptico, de ser o caso, permitirán que sexa percibido no ámbito de cada sector de incendio onde estea instalado.

O sistema de comunicación da alarma dispón de dúas fontes de alimentación, coas mesmas condicións que as establecidas para os sistemas manuais de alarma, podendo ser a fonte secundaria común coa do sistema automático de detección e do sistema manual de alarma, ou de ambos os dous.

A instalación está composta neste punto por:

- 25 sirenas convencionais piezoeléctricas.

3.4. Sistemas de abastecemento de auga contra incendios.

A instalación está composta neste punto por:

- Conexión directa á rede xeral de abastecemento contra incendios.

3.5. Sistemas de hidrantes exteriores.

Os sistemas de hidrantes exteriores están compostos por unha fonte de abastecemento de auga, unha rede de canalizacións para auga de alimentación e os hidrantes exteriores necesarios.

Os hidrantes exteriores son do tipo de columna hidrante ao exterior (CHE) ou hidrante en arqueta (boca hidrante).

A instalación está composta neste punto por:

- 3 hidrantes exteriores de tres tomas.
- 1 caseta para columna de hidrante con accesorios.

3.6. Extintores de incendio

1. Os extintores de incendio, as súas características e especificacións axustaranse ao Regulamento de aparellos a presión e á súa instrución técnica complementaria MIE-AP5.

2. A localización dos extintores permitirá que sexan doadamente visibles e accesibles, estarán situados próximos aos puntos onde se estime maior probabilidade de se iniciar o incendio, a ser posible próximos ás saídas de evacuación e preferentemente sobre soportes fixados a paramentos verticais, de modo que a parte superior do extintor quede, como máximo, a 1,70 metros sobre o chan.

A instalación está composta neste punto por:

- 106 extintores portátiles de po de 6 kg.
- 29 extintores portátiles de CO₂ de 2 kg.
- 3 extintores de carro de 25 kg.

3.7. Sistemas de bocas de incendio equipadas

Os sistemas de bocas de incendio equipadas están compostos por unha fonte de abastecemento de auga, unha rede de canalizacións para a alimentación de auga e as bocas de incendio equipadas (BIE) necesarias.

A instalación está composta neste punto por:

- 19 bocas de incendio de 45 mm, flexibles.
- 19 bocas de incendio de 25 mm, semirrígidas.

3.8. Sistemas de columna seca

O sistema de columna seca está composto por toma de auga en fachada ou en zona doadamente accesible ao servizo contra incendios, coa indicación de uso exclusivo dos bombeiros, provista de conexión siamesa, con chaves incorporadas e unións de 70 mm con tapa e chave de purga de 25 mm, columna ascendente de canalización de aceiro galvanizado e diámetro nominal de 80 mm.

A instalación está composta neste punto por:

- 3 bifurcacións de 70 x70 IPF41.
- 4 bifurcacións de 45 x45 IPF39.

3.9. Sistemas fixos de extinción por axentes extintores gasoso

Os sistemas por axentes extintores gasosos están compostos polos seguintes elementos:

- a) Mecanismo de disparo.

- b) Equipos de control de funcionamento eléctrico ou pneumático.
- c) Recipientes para gas a presión.
- d) Condutores para o axente extintor.
- e) Esparexedores de descarga.

A instalación está composta neste punto por:

3 subcentrais de extinción con baterías.

3 Centrais convencionais autónomas de extinción Morley, modelo VSN-RP1r+ (42 detectores).

3 Centrais convencionais autónomas de extinción Aguilera, modelo AE. MX2 (20 detectores).

- 11 pulsadores de disparo de extinción.
- 11 pulsadores de paro de extinción.
- 12 luminosos de disparo.
- 7 solenoides de disparo.
- 3 válvulas direccionais.
- 1 cilindro de disparo.
- 11 cilindros de gases.
- 4 fontes de alimentación de 24 V con baterías.
- 2 comportas automáticas de ventilación.

3.10. Sistema de detección de monóxido de carbono

A instalación está composta neste punto por:

- 1 centraliña de detección.
- 9 detectores de concentración de monóxido.

3.11. Sistema de megafonía

O aparcadoiro subterráneo conta con sistema de megafonía para emisión de avisos e alarmas.

A instalación está composta neste punto por:

- central de emisión.
- 21 altosfalantes.

3.12. Sistema de vixilancia

A composición dos distintos equipos e sistemas de vixilancia instalados no Parlamento de Galicia que deberán xestionarse e manterse para efectos de garantir o seu correcto funcionamento, é a seguinte:

- Ude. de control de alarmas.
- CCTV-monitores.
- Cámaras de vídeo con infravermellos.
- Controis de acceso.

- Infravermellos pasivos.
- Equipos de control de accesos en garaxe.
- Sistema de alarma de intrusión.
- Sistema de circuíto pechado de televisión (CPTV). A instalación está composta neste punto por:

a) Interior do edificio: o Parlamento de Galicia dispón de sistema CPTV composto por cámaras fixas e móbiles que transmiten simultaneamente e vídeo gravador dixital.

b) Exterior do edificio: o Parlamento de Galicia dispón de instalación de CPTV no exterior do edificio, composto por cámaras fixas e móbiles con posicionamento por telemetría (PTZ).

c) Aparcadoiro subterráneo: a institución do Parlamento de Galicia conta así mesmo no aparcadoiro do edificio na planta -2 cun sistema CPTV composto por cámaras de TV fixas.

3.13. Equipamentos dos controis horarios e de acceso e presenza no edificio

A instalación está composta neste punto por:

- 2 terminais lectoras CP-6000X de tarxetas de proximidade e conectadas en rede.
- 1 software de programación, ImesD.

O mantemento e xestión do equipamento obxecto desta parte do contrato comprenderá a comprobación da lectura de tarxetas, da comunicación con PC, das baterías e acumuladores, revisión das bases de datos, lectura de terminais, extracción e traspaso de datos, programación de horarios, calendarios, programación de novo de tarxetas, lectura de *back-up* das memorias dos terminais e a subministración e/ou reposición das tarxetas identificativas.

3.14. Sistema de control de acceso biométrico para a sala do CPD

A instalación está composta neste apartado por:

- 1 Terminal de control de control de de acceso.
- 1 Controlador de acceso para unha porta.
- 1 Retedor electromagnético con soporte.
- 1 Fonte de alimentación.
- 1 Pulsado de saída.
- 1 Batería de chumbo acedo 14V 7 AH.
- 1 Cámara CCTV IP, con óptica fixa.

3.15. Cerrallaría

A prestación do servizo comprenderá a instalación, o mantemento, a revisión, a reparación e, de ser o caso, a substitución de cilindros e pechaduras e mais a custodia e o duplicado de chaves.

3.16. Caixas fortes

Mantemento, revisión e reparación das caixas fortes.

Cuarta. *Descrición da subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendio*

4.1. Antecedentes: o Parlamento de Galicia actualmente conta cun sistema de detección e alarma de incendios, baseado nunha central principal de incendios marca Gent modelo 3404, que necesita ser substituído debido á súa obsolescencia xa que se trata dun modelo fóra de catálogo. Este sistema de detección e alarma de incendios está formado por catro lazos e mais un panel repetidor e un sistema de xestión gráfica que necesitaría ser ampliado e modificado para recoller, integrar e situar todos os equipos.

4.2. Normativa: a subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios do Parlamento de Galicia cumprirá toda a normativa exixida polas administracións autonómica, nacional e europea en materia de alarma e detección de incendios, edificación, transmisión de información, protección de datos, seguridade de instalacións sensibles ou outras relacionadas.

-As instalacións, de tipo administrativo ou de pública concorrencia se a superficie construída excede de 1000 m², deberán contar cun sistema de detección e alarma de incendio, de acordo co Código Técnico da Edificación CTE, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, no seu documento básico «Exixencias básicas no caso de incendio CTE-DB», sección SI 4, táboa 1.1.

-A instalación do novo sistema de detección e alarma de incendios cumprirá obrigatoriamente o establecido no Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, Código Técnico da Edificación (CTE), así como a norma UNE-EN 23007-14/2014 «Sistemas de detección e alarma de incendios», parte 14: planificación, deseño, instalación, posta en servizo, uso e mantemento.

4.3. Estrutura técnica: as características básicas do novo sistema de detección e alarma de incendio (en adiante: NSDAI) son:

-O NSDAI será analóxico. Este sistema fai unha análise lóxica dos sinais de alarma recibidos e responde a eles mediante un conxunto distinto de actuacións (sinais de alarma, apertura/peche de portas, comunicación a terceiros, etc.) coñecendo de xeito exacto a situación do elemento que envía a información.

-O NSDAI permitirá unha supervisión de cada detector e módulo do lazo intelixente de maneira individual.

-As alarmas e avarías serán anunciadas de xeito independente para cada elemento do lazo.

-O NSDAI terá saídas e actuacións programables, cubrindo todos os locais e áreas do Parlamento de Galicia.

-O NSDAI estará centralizado na planta soto e contará cun panel repetidor noutro local de seguridade no acceso ao edificio parlamentario.

-O NSDAI contará cun sistema de xestión gráfica deseñado para controlar o sistema de detección de incendios de forma bidireccional, é dicir, será posible tanto recibir como enviar información ao sistema.

4.4. Planificación da renovación:

- A planificación e realización dos traballos farase de forma que non interfira nos labores habituais do Parlamento. Debido ás especiais características da institución, exixirase un grao elevado de coidado respecto á sinalización e protección de obra; así mesmo, esta exixencia amplíase á zona de almacenamento do material retirado, residuos de obra, etc.

Correrá a cargo do adxudicatario, ademais de calquera elemento auxiliar que se precise para a execución da renovación do sistema, as seguintes prestacións:

- a) Xestión de residuos: retirada de material e equipos antigos a desfacer, así como a entrega a xestoras de residuos no caso de ser necesario; incluída a solicitude de permisos necesarios para esta retirada e eliminación de residuos.
- b) Adquisición de materiais e equipos: a subministración de material e equipos para o NSDAI.
- c) Instalación de equipos e materiais: a instalación de equipos e materiais do NSDAI.
- d) Probas e test: todo tipo de probas, ensaios e test necesarios para unha correcta posta en marcha e funcionamento do NSDAI. Exixe resultados definidos polas normas industriais e de seguridade así como pola lexislación vixente aplicable, dependendo da tipoloxía dos materiais e equipos.
- e) Memorias, certificacións, homologacións e planos: elaboración de memorias técnicas descritivas do funcionamento do NSDAI, dos seus equipos e instalacións, así como planos de montaxe de fin de instalación, contrasinais, manuais do software e do hardware e calquera outra información necesaria para dispor de información actual, exacta e concreta do NSDAI por parte dos servizos técnicos do Parlamento; certificados e documentación técnica e administrativa exixida. Toda a documentación deberá estar en galego ou castelán.
- f) Formación: xornadas e cursos de formación sobre o funcionamento do NSDAI tanto do punto de vista operativo como de mantemento, incluíndo software e hardware.
- g) Obra civil: todo tipo de obra civil necesaria para unha correcta retirada das instalacións antigas e para a instalación do novo sistema, así como a reparación de todos os danos ocasionados.
- h) Seguridade activa durante as obras de retirada e instalación de sistemas: equipos provisionais para manter totalmente, en todas as condicións e circunstancias, durante as 24 horas do día e todos os días da semana, a seguridade contra incendios no Parlamento durante o período de realización das obras. No caso de que as circunstancias do desenvolvemento das obras impidan eliminar os riscos de incendio durante as obras mediante equipos automáticos, deberase empregar seguridade baseada en vixilancia por persoas cos equipos de extinción portátiles necesarios.
- i) Pólizas durante as obras: todo tipo de seguros de risco e pólizas de risco que deberá contratar o adxudicatario durante o período de retirada e instalación de sistemas.
- j) Asesoramento: asesoramento e/ou elaboración de todo tipo de documentación administrativa necesaria e preceptiva para dar de alta e legalizar a instalación do novo sistema de detección de alarma e incendio. Presenza, se é requirida, dos técnicos da empresa adxudicataria durante as inspeccións encamiñadas á homologación e alta da instalación por parte das autoridades administrativas.

4.5. Aspectos que cómpre ter en conta respecto da retirada do sistema de detección e alarma se incendios existente:

- a. O sistema existente débese retirar na súa totalidade e non se poderá aproveitar ningún equipo.
- b. O sistema existente irase retirando a medida que se vaia instalando o novo, de xeito que as áreas desprotexidas tanto desde o punto de vista espacial como temporal sexan inexistentes.
- c. Durante o período de tempo, que se exige que sexa o mínimo, e no que tecnicamente non exista unha protección baseada en equipos automáticos de alarma e detección, esta alarma e detección será feita por equipo humano destinado pola empresa adxudicataria e

ao seu cargo económico, de forma que nunca exista falta ningunha de protección nas instalacións do Parlamento.

d. Os equipos retirados deben ser procesados e destruídos adecuadamente, mediante un xestor de residuos en posesión das homologacións e licenzas pertinentes. Exixiranse os certificados que corroboren o proceso de destrución dos residuos xerados ou outros procesos industriais de xestión de residuos por parte dun xestor autorizado de residuos.

Nas ofertas que deberán presentar os licitadores estarán incluídos todos os custos e impostos relacionados coa subministración e instalación dos equipos destinados á renovación do sistema de detección de alarma e incendio.

4.6. Memoria técnica:

O programa de xestión será deseñado de xeito que poida controlar o sistema de detección de incendios e sexa compatible coas centrais. Este control deberá ser bidireccional, é dicir, será posible desde o centro de control tanto recibir como enviar información ao sistema.

O programa de xestión e control deberá presentar en pantalla información gráfica do estado de calquera elemento de campo do sistema de detección, indicando no plano do edificio a situación exacta do dito elemento. Permitirá a inclusión de equipos auxiliares nos planos, tales como extintores e BIE.

O programa deberá indicar os eventos de forma óptica na pantalla e acústica mediante o sistema multimedia do computador.

O programa de xestión gráfica será capaz de controlar unha ou varias centrais analóxicas e convencionais, a través dunha rede local con protocolo IP, conectado ao porto RS232 das centrais analóxicas mediante o convertedor IP100. Permitiranse configuracións con prestacións semellantes ou superiores.

Poderase enviar información a calquera punto onde o PC de xestión gráfica teña acceso a rede IP.

Disporá de interface para poder enviar mensaxes a sistemas de busca de persoas ou teléfonos móbiles mediante mensaxes SMS vía GSM ou semellante. Permitiranse configuracións con prestacións semellantes ou superiores.

O programa de xestión e control do novo sistema de detección de alarma e incendio permitirá que a información local poida continuar visualizándose en cada nodo. En áreas, como locais de seguridade, nos que se debe supervisar toda a rede, instalaranse PC conectados a rede.

O novo sistema contará cun equipo redireccionador que permita que a información recibida polo porto RS232 da central poida redireccionarse a un posto remoto onde se encontra o programa de xestión e control. Este posto de control disporá dunha dirección IP fixa. O equipo permite a conexión vía TCP/IP de diferentes centrais analóxicas de incendio situadas en diferentes lugares.

O novo sistema de detección automática de incendios ten como obxectivo notificar con suficiente antelación e eficacia o comezo dun incendio, e esencialmente consta dos seguintes elementos:

- Detectores.

- Equipo de control e sinalización.

- Dispositivos de alarma de incendios.

- Pulsadores de alarma.

- Dispositivo de transmisión de alarma de incendios.

Central de recepción de alarmas de incendios.
Control de sistemas automáticos de protección contra incendios.
Sistema automático de protección contra incendios.
Dispositivo de transmisión de aviso de avaría.
Central de aviso de avaría.
Fonte de alimentación.

Dos elementos indicados algúns representan as partes máis importantes dun sistema de detección contra incendios, como son:

1. Detectores de incendio (dispositivos de alarma de incendio) e pulsadores manuais de alarma que se atopan distribuídos por toda a instalación, elementos capaces de sinalar a presenza dun incendio no seu estado inicial.

2. Central de detección de incendios (equipo de sinalización e control) onde se centralizan as alarmas e se levan a cabo unha serie de accións preventivas programadas:

- Transmisión acústica de alarma ou calquera outra operación que poida comezarse mediante transmisión eléctrica.

- Transmisión de sinais de emerxencia a un posto remoto sito no posto de control para o control a través de gráficos da instalación.

A instalación de todos estes equipos está suxeita a normativas e regulamentacións que describen en qué tipo de locais é necesaria a súa implantación, así como qué tipo de detectores e situacións son os máis axeitados segundo as características do risco a protexer.

A instalación de detección e alarma, e con carácter xeral, cumprirá as condicións seguintes:

a) Disporanse pulsadores manuais de alarma de incendio nas zonas de circulación e no interior dos locais.

b) Disporanse detectores adecuados á clase de lume previsible no interior de todos os locais de risco e nas zonas de circulación.

Os detectores analóxicos multisensoriais serán de dobre cámara óptica máis termovelocimétrico e responderán medindo a densidade de fume e variación de temperatura. Cada elemento poderá responder con rangos de sensibilidade que poderán ser axustados.

Para aplicacións de alta sensibilidade onde se precise detectar lumes en fase moi incipiente utilizarase o detector óptico por tecnoloxía láser, o cal se caracteriza por detectar partículas de combustión invisibles (aerosois).

Os detectores convencionais admitirán a programación de sensibilidade en tres niveis mediante programador remoto. Así mesmo, ofrecerá a posibilidade de consulta de nivel de sucidade, de períodos de mantemento e gravación de datas de mantemento, na memoria do sensor mediante terminal remoto.

Os detectores montaranse sobre unha base común tipo baioneta, con dispositivo de encravamento que evite a súa extracción accidental. Poderanse montar sobre unha base que leve incorporada unha bucina e unha luminaria para dar indicación acústica e luminosa ao local.

c) Os equipos de control e sinalización disporán dun dispositivo que permitirá a activación manual e automática dos sistemas de alarma e estarán situados nun local permanentemente vixiado.

d) O sistema de aviso de alarma será acústico e óptico, debendo cumprir a normativa de accesibilidade. O sistema acústico estará formado por sirenas bitonais que permitirán a transmisión de locais e de alarma xeral. O sistema óptico de aviso de alarma estará constituído por luces estroboscópicas. Os avisadores acústicos permitirán emitir mensaxes de voz para facilitar a evacuación.

e) Central de incendios. Equipo de control e sinalización.

A central de incendios, dentro do novo sistema, é o elemento no que se recollerán todas as incidencias de instalación; será o equipo que, con base na programación residente, tomará as decisións de activación de dispositivos. A central será analóxica intelixente co seu propio microprocesador, memoria e fonte de alimentación e baterías.

A central supervisará cada detector e módulo do lazo intelixente de xeito individual, de maneira que alarmas, prealarmas e avarías sexan anunciadas independentemente para cada elemento do lazo intelixente. A central analóxica será capaz de ter saídas programables. Subministrará alimentación a todos os detectores e módulos conectados a este. Os datos de memoria, eventos e programación conteranse en memoria non volátil.

A central de control permitirá programar os seus dispositivos de saída (sirenas, luces e módulos de control) de forma que se poida realizar a evacuación da instalación de xeito lóxico seguindo o plan de evacuación. As sirenas deberán permitir ser manobradas de forma individual.

Cada detector, pulsador manual de alarma e módulo terá asignada unha única dirección. Cada lazo de detección será un par de fíos trenzados, apantallado, libre de halóxenos e resistente ao lume, de sección máis habitual 1.5 mm², cableado en lazo pechado sobre o que se instalarán directamente os detectores analóxicos de incendio, pulsadores de alarma, sirenas de aviso, luces de aviso e os módulos dixitais necesarios para as manobras de monitorización e control do resto dos dispositivos que configuran o sistema.

A capacidade mínima do lazo de detección será de 127 puntos analóxicos/direccionables. As liñas de cable faranse baixo tubo independente, con condutor illado para unha tensión nominal de 500 V. Non serán aceptables alternativas semellantes que precisen máis de dous fíos de comunicación cos detectores.

f) Panel repetidor: anunciador remoto de pantalla gráfica de cristal líquido LCD. Incorporará zumbador ou sinal acústico, teclado de membrana protexido con chave de acceso e LED para visualizar o estado do sistema. Incorporarase o interface RS-485 das centrais e terá pantalla LCD retroiluminada ou semellante. Incorporará teclado para activación de funcións.

O sistema admitirá a conexión mínima de ata 32 repetidores a través da liña en modo terminal.

Exirase un interface con dispoñibilidade módulo de lectura básico de fácil uso e comprensión mesmo por xente non experta ou sen formación no manexo de programa de modo que poidan interpretar correctamente sinais de perigo e atender ordes.

g). Dispositivos de alarmas de incendio. Sirenas e dispositivos ópticos:

O sistema de alarma transmitirá sinais acústicos; os sinais serán perceptibles incluso no interior de locais (aseos, vestiarios) accesibles para persoas con discapacidade auditiva (Documento Básico SI seguridade en caso de incendios e Documento Básico SUA Seguridade de utilización e accesibilidade).

Para que a chamada sexa perceptible debe realizarse, cando menos, por dúas vías, normalmente visual e acústica, emitidas de forma simultánea. Para que un sinal acústico sexa perceptible desde unha zona é necesario considerar o nivel de son ambiente da dita zona; un valor razoable pode ser o indicado na norma UNE – EN – ISO 7731:2008 Sinais acústicos de perigo de dB por enriba do nivel sonoro do contorno, ademais das seguintes condicións: 1) Audibilidade: (...) para asegurar a súa audibilidade, o nivel de presión sonora con ponderación A do sinal de perigo non debe ser inferior a 65 dB, en calquera zona da recepción. 2) Se o nivel de presión do son ponderado A do ruído supera os 100 dB, recoméndase o emprego de sinais visuais adicionais, mellor que só auditivos; en calquera caso, o nivel máximo do sinal non debe superar os 118 dB (A), na zona de recepción do sinal. 3) As características dos sinais luminosos dependerán das condicións de iluminación do espazo desde se perciben. 4) A norma ISO 21542 establece que a utilización dunha luz estroboscópica de 0'5 Hz a 4 Hz minimiza o risco de sufrir risco de epilepsia en persoas que a padecen.

h) Sirenas con flash direccionables (analóxicos): sirenas con flash incorporado direccionables individualmente, conectadas directamente ao lazo de comunicación dos sistemas analóxicos; utilizarase alimentación do lazo analóxico e estarán deseñadas de acordo cos requisitos establecidos nas normas EN. Poderanse seleccionar distintos axustes, diferentes de volume mediante microinterruptor, así como a posibilidade de tons seleccionables cunha intensidade sonora inferior a 118 dB(A). O modelo permitirá a montaxe dunha base na sirena formando un conxunto detector sirena. As sirenas con flash direccionables alimentaranse do lazo analóxico.

i) Pulsadores de alarma. Pulsadores direccionables (analóxicos): os pulsadores manuais poderán engadirse dentro do lazo de detección intelixente por ser direccionables; deben permitir provocar voluntariamente e transmitir un sinal á central de control e sinalización, de tal xeito que sexa facilmente identificable a zona na que se activou o pulsador. Os pulsadores serán do tipo de rotura de cristal; o cristal irá protexido mediante membrana plástica para evitar cortes na súa activación.

j) Control de sistemas automáticos de protección contra incendios: instalaranse estes módulos no lazo intelixente para direccionar entradas dixitais do tipo das proporcionadas por pulsadores convencionais, presostatos, detectores de fluxo, sinais técnicoas, zonas de detección convencional, etc. O modulo monitor subministrará supervisión ao circuíto periférico que é controlado polo módulo; levará LED indicador do seu estado e non necesitará alimentación auxiliar.

k) Sistema automático de protección contra incendios (módulos de control): instalaranse estes módulos no lazo intelixente para permitir o control de elementos auxiliares ao sistema de detección de incendio e para dar sinais de relé a equipos auxiliares. O módulo de control subministrará supervisión ao circuíto periférico que é controlado polo módulo; levará LED indicador do seu estado.

l) Central de recepción de alarmas de incendio e central de recepción de aviso de avarías: o sistema ten que permitir a transmisión de eventos de alarma de incendios, así como de eventos de aviso de avaría a unha central receptora de alarmas.

m) Fontes de alimentación auxiliar: as fontes de alimentación serán autónomas, proporcionarán alimentación auxiliar de apoio a sistemas de control de incendio que non poidan alimentarse desde a fonte de alimentación principal do panel de control de incendios por falta de capacidade, ou para evitar perda de potencia ao longo do cableado.

Disporán de baterías mediante as cales no caso de perda temporal de alimentación principal se manterá a tensión de subministración a través das baterías. Deste xeito garátese o correcto funcionamento de equipos que requiren de alimentación de 24 V_{cc} en alarma, tales como avisadores ópticos e acústicos, etc.

As fontes de alimentación serán conmutadas e controladas por microprocesadores que supervisen a alimentación conmutada, indiquen calquera tipo de fallo ou irregularidade e estean protexidas contra cortocircuitos. Disporán de saídas para poder monitorizar mediante o panel de control de incendios.

4.7. Equipos que se instalarán:

1. Central de incendios:

1.1. 1 ude. de central de incendios analóxica con 8 lazos, ampliáveis a 10, de teclado táctil e pantalla gráfica para facilitar o manexo, cun mínimo de 125 elementos por lazo e con capacidade para control bidireccional co software de xestión. O sistema será aberto e permitirá a configuración e programación de novo tanto da central como do software sen depender do fabricante ou dependencia exclusiva dun instalador.

2. Sistema de xestión e control:

2.1. 1 ude. interface de comunicacións que permita intercambio de información entre o software e a central analóxica.

2.2. 1 ude. de licenza de programa de xestión e control para centrais, un por cada central.

2.3. 1 ude. de realización de planos, creación de iconas e programación/adaptación do software de xestión e control.

2.4. 1 ude. partida de complementos necesarios para o sistema de xestión e control, tales como un kit interface de protocolo de rede, un micromódulo de rede e un módulo de comunicación IP.

Instalarase o sistema de xestión e control nun ordenador propiedade do Parlamento. A comunicación coa rede de central será vía TCP/IP ou a rede de centrais. O programa de xestión e control será capaz de controlar a central analóxica a través dunha rede local ou con protocolo IP. Permitiranse configuracións con prestacións semellantes ou superiores.

O programa de xestión e control estará deseñado para controlar o sistema de detección de incendios, e deberá ser bidireccional, isto é, será posible desde o centro e control tanto recibir como enviar información ao sistema. Deberá presentar en pantalla información gráfica do estado de calquera elemento de campo do sistema de detección, indicando no plano do edificio a situación exacta do dito elemento. Permitirá tamén a posibilidade de poder aumentar os postos de control, coa adquisición de novas licenzas.

3. Equipos de campo:

3.1. 599 ude. detectores multicriterio con dobre cámara óptica e termovelocimétrico con autoaillador incorporado.

3.2. 96 ude. detectores convencionais termovelocimétricos.

3.3. 29 ude. detectores multicriterio combinados con sirena e flash con autoaillador incorporado, os avisadores acústicos permitirán emisións de mensaxes de voz.

3.4. 45 ude. pulsadores de alarma de incendios analóxicos rearmables con base.

3.5. 3 ude. de sirenas óptico acústicas con autoaillador, os avisadores permitirán emisións de mensaxes de voz.

3.6. 12 ude. de módulos de 4 entradas de zona convencional e 2 saídas.

3.7. 1 ude. de detector lineal de fumes con función de autoaliñamento con kit de longo alcance.

3.8. 1 ude. de panel repetidor: anunciador remoto para posto de control de pantalla de cristal líquido LCD; incorporará zumbador ou sinal acústico, teclado protexido con chave de acceso e LED para visualizar o estado do sistema.

O cableado existente aproveítase, excepto en baixo cuberta.

Quinta. *Xestión e mantemento. Medios humanos e cobertura*

5.1. A prestación do servizo respecto destas funcións será necesariamente desenvolvida por un técnico oficial mecánico electrónico especialista en xestión e mantemento, cunha titulación mínima de técnico superior en FP, FP II ou equivalente.

Con carácter xeral desenvolverá os labores de mantemento preventivo e correctivo derivados do normal desenvolvemento do servizo durante todo o ano, de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas, e de 16.00 a 19.00 horas. Nos meses de xullo e agosto a xornada poderase desenvolver en horario de mañá.

O horario prolongarase nos días de sesións plenarias, e calquera outro acto que comunique a Administración parlamentaria, ata o fin do seu desenvolvemento. Non obstante, o Parlamento de Galicia reserva para si a facultade de modificar estas franxas horarias cando o considere pertinente, sen que isto supoña un incremento de horas presenciais diarias.

Sen prexuízo da necesidade deste efectivo presencial no horario referido, a empresa adxudicataria disporá dunha cobertura as 24 horas do día, nas que quedará garantido o axeitado funcionamento de todos os sistemas de protección contra incendios e de seguridade, a súa supervisión e control, así como unha resposta de emerxencia inmediata ante calquera incidencia detectada.

5.2. Para os efectos do establecido no artigo 120 do TRLCSP facilitarase, a través do perfil de contratante do Parlamento de Galicia, información relativa ás condicións dos contratos dos traballadores aos que puidese afectar a subrogación de persoal.

5.3. O adxudicatario manterá a máxima estabilidade do emprego do persoal que preste servizo no Parlamento. Non obstante, o Parlamento de Galicia reserva para si o dereito a solicitar a substitución do traballador cando considere que o servizo non se está a prestar coa calidade ou corrección necesarias.

Sexta. *Documentación técnica*

O adxudicatario presentará na súa oferta técnica un cadro detallado dos labores de mantemento e revisións dos equipos e sistemas de protección contra incendios e de seguridade, e a súa frecuencia periódica, e mais proposta de plan de actuacións no caso de emerxencias ou sinistros.

O adxudicatario virá obrigado a ter ao día a documentación técnica que a continuación se indica:

a) Base documental de normativa: nela recollerase permanentemente actualizada toda a normativa vixente en relación coas instalacións obxecto do mantemento e as condicións e os requisitos legais e administrativos de todo tipo sobre o desempeño dos traballos que require o devandito mantemento.

b) O contratista levará un rexistro co inventario, permanentemente actualizado, de todos os equipamentos dos sistemas de protección contra incendios e de seguridade do Parlamento de Galicia, que poñerá á disposición da Administración en formato papel e electrónico.

c) O contratista levará un rexistro de mantemento no que se farán constar as instalacións do Parlamento obxecto do servizo e as modificacións ou ampliacións que se introduzan nelas, os programas de actuacións preventivas e mantementos realizados nos sistemas de protección contra incendios e de seguridade e vixilancia e mais as incidencias producidas no desenvolvemento do servizo e actuacións correctoras e de primeira intervención e/ou comunicacións levadas a cabo.

d) Partes diarios das actividades realizadas nos que se rexistre calquera incidencia relacionada co servizo.

e) Informe trimestral das operacións desenvolvidas na prestación do servizo.

f) Un libro de instrucións e incidencias relativo ao control de accesos.

Sétima. *Desenvolvemento do servizo*

7.1. Locais, medios e autorizacións de acceso

O Parlamento de Galicia poñerá á disposición do persoal da empresa contratista os locais adecuados de vestiario, non adquirindo pola devandita razón ningún dereito sobre eles.

O adxudicatario dispoñerá, durante o período de vixencia do contrato, do permiso de acceso a todas as instalacións cuxo servizo é obxecto desta contratación, aos locais que as albergan e a aqueloutros onde deba desenvolver o servizo contratado, non adquirindo tampouco pola devandita razón ningún dereito sobre eles.

O Parlamento de Galicia indicarlle ao adxudicatario as normas e as condicións dese acceso.

En calquera caso, o persoal do adxudicatario deberá cumprir os requisitos de identificación e xerais exixidos en materia de seguridade polo Parlamento de Galicia.

7.2. Representante

O contratista deberá designar unha persoa que o represente, quen recibirá as instrucións ou directrices do Parlamento.

7.3. Xestión

O adxudicatario será responsable da completa xestión do servizo obxecto deste contrato, que exercerá no seu marco.

Oitava. *Calidade do servizo*

8.1 O Parlamento de Galicia inspeccionará en todo momento a forma e a prestación dos diferentes servizos adxudicados en relación coas especificacións deste documento, e terá acceso permanente aos rexistros de mantemento, rexistro do inventario e base documental normativa sinalados na cláusula sexta deste prego.

O contratista será responsable do bo estado e funcionamento dos equipos; no caso de que a deterioración for causada por unha negligencia ou deficiente mantemento responsabilidade do contratista, deberá facerse cargo dos custos de reparación ou substitución.

8.2. Obxectivos de calidade

O adxudicatario debe realizar a prestación do servizo de maneira que, no marco dos requisitos exixidos neste prego, cumpra cos obxectivos de calidade que a continuación se indican:

a) As prestacións que deben obterse da descrición do servizo incluída no alcance do contrato serán en todo momento as que demande o Parlamento de Galicia.

b) Realizaranse todos os controis e as operacións previstas e aqueloutros que foren necesarios para obter unha correcta prestación do servizo. Moi especialmente, atenderase a realizar aqueles exixidos polas normas de obrigado cumprimento, en cada momento vixentes.

Trimestralmente a empresa deberá achegar un informe xustificativo detallado da realización dos ditos controis, e o modo en que a empresa supervisa a súa correcta realización.

c) Manterase un correcto tratamento de materiais, aparellos, equipos, sistemas e instalacións.

d) En todo momento, observaranse e aplicaranse todas as normas de seguridade exixidas para asegurar a máxima integridade física de persoas e cousas.

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO


- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727